

**Ponteareas transformará
o Paseo Matutino**

Páxina 5

**Ponteareas sae da UCI
económica**

Páxina 7

**Proxecto de
recuperación da
memoria en As Neves**

Páxina 12

**Exposición de orquídeas
en Salvaterra**

Páxina 13

**Convenio para construír
a Porta do Trega**

Páxina 25

**Nigrán pon en marcha
Cidade Ciencia**

Páxina 27

**Nova fábrica de pescado
vai crear 200 empregos**

Páxina 28



Camela e Uxía & Javier Ruibal nas Festas do Cristo de O Porriño

Páxinas 16, 17 e 19

Optica mahen
mahen audioprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

OPINIÓN

Por Ramón Coira Luaces

Irmandade

Diciá Pericles que o obxectivo de todo goberno é procurar a felicidade da súa cidadanía (ou polo menos -digo eu- sentar as bases materiais para que esta sexa posíbel). Coido que o noso principal inimigo é o fascismo, a corrupción e o imperialismo. Tomade conciencia da destrución de Galiza (eu diría que planificada e en represalia ilícita pola nosa rebeldía lexítima). Levan á ruína os nosos sectores produtivos, eliminan a nosa banca, destrúen o noso medio ambiente e a nosa lingua e cultura. A nosa patria natural -ou matría- non é ceibe nin soberana. O Estado non é xusto nin democrático. Está infectado de franquistas e tolera ou está en connivencia con grupos neonazis (cuxos delitos adoitan quedar impunes).

Gozade da nosa cultura, lede e informádevos ben. Coidade da vosa familia e da vosa parella se a tedes. E deixade constancia do que resulte de interés colectivo.

Alexandre Bóveda defendeu a creación dunha facenda galega e dunha fiscalidade progresiva. Págoño coa vida, coma tantos outros e outras. O BNG fala de acabar co espolio de Galiza e da necesidade de termos un cupo como o vasco, pois a balanza



fiscal está enmascarada e perxudica ao noso país. Así como de crear un Banco Público Galego. Pídevos que non apoiades aos que destrúen a Nosa Terra ou se quedan cos brazos cruzados ante a desfeita. Sede sempre solidari@s e non aceptedes leis non escritas ou claramente inxustas e daninas para a sociedade. Actuede con cabeza e corazón. Coñecer a nosa Historia é

fundamental, por iso nola ocultan nos libros de texto. Quérennos humillad@s e ignorantes, non orgullos@s do noso.

Eu son un activista, medio político (BNG) e medio sindicalista (CIG) e só dou consellos: nunca

renunciades á vosa liberdade de pensamento. Contrastade ideas, escoitade música, ide ao cine, gozade da natureza e evitade amizades falsas ou pouco edificantes. Desconfiade da

Igrexa oficial e cuestionádea. Non vos deixedes corromper e procurade ser leais ao voso corazón e á vosa conciencia. Sabedes de que teñen medo? Da democracia e da xustiza. E de que estas cheguen aos últimos recunchos... Seguíde o voso criterio e o voso instinto. E lembrade que temos amig@s e aliad@s e tamén hai xente neutral. Todo o que dedes, bo ou malo, tarde ou cedo, retornará a vós. Xa o dixo Castella: na nosa terra cumprírase a vontade dos seus/súas mártires (sexan luminos@s ou escur@s).



Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

A legalidade internacional do dereito a decidir

Josep Borrell e Josep Piqué, canda Francesc de Carreras e outros unionistas cataláns, veñen de negar o dereito de Catalunya á súa libre determinación "consonte coa legalidade internacional".

Non hai tal. O artigo 1º do Pacto Internacional de dereitos civís e políticos (1966), plenamente vixente no Estado en virtude do artigo 96 da Constitución, recoñece este derelito de libre determinación a todos os "pobos". Mais o concepto de pobos adoita tentar restrinxirse polos

unionistas aos pobos colonizados ou pobos indíxenas. Porén, o Tribunal Internacional da ONU non limita este concepto ás devanditas categorías, recoñecendo adoito esta cualidade a aqueles que foron considerados no período de entreguerras pola Sociedade de Nacións como "nacionalidades". Velaí o caso de Galicia, recoñecida como tal en Xenebra hai agora 84 anos e tamén de Catalunya, xa recoñecida no 1926.

Quere isto dicir que existe un dereito a decidir de Galicia ou Catalunya recoñe-

cido polo Dereito internacional? Si e máis aínda, o caso é que este dereito estaría constitucionalmente recoñecido por España, consonte co artigo 96 da Constitución, mentres non derogue ou modifique o artigo 1 dese Pacto Internacional ao abeiro do procedemento de denuncia previsto no Tratado.

O que ocorre é que o Tribunal Constitucional optou por unha interpretación esencialista da Constitución que descoñece os efectos dos Tratados Internacionais validamente adoptados polo Estado español. Agora ben, señores ex ministros Borrell e Piqué, non insulten a nosa intelixencia...

A ARRINCADEIRA. FILOSOFÍA SI.

O traballo da catedrática de Filosofía Carme Adán e de tantas outras persoas foi

fulcral para que se presentara hai poucos días perante o Parlamento de Galicia unha iniciativa lexislativa popular (ILP) para recuperar a Historia da Filosofía como materia curricular obrigatoria do 2º de Bacharelato.

A cidadanía respostou de xeito extraordinariamente positivo (asinaron a ILP 8.200), amosando non só que lle preocupa a educación, senón que quere unha educación que posibilibite para o pensamento crítico e non só provea de contidos. Unha educación que constrúa persoas e cidadáns e non simples produtores ou consumidores.



As razóns de Catalunya

Catalunya era un país con poucos independentistas até xuño do 2010, cando o Tribunal Constitucional (TC) desfixo o novo Estatut que aprobara o pobo catalán en referéndum no 2006, dando por pechada toda solución á cuestión catalá dende o autonomismo. Asistimos en meses á conversión en indepes de sexaxenários cidadáns federalistas votantes do PSC e de mozos barceloneses castelánfalantes fillos da inmigración murciana e andaluza. En setembro de 2012 o president Artur Màs tentou de Rajoy un pacto fiscal para acadar un concerto económico semellante ao de Euskadi e Navarra, mais Rajoy rexeitou a proposta por inconstitucional.

Dende entón -e máis dende a Diada do 11-S do 2012-, arredor da Assemblée Nacional Catalana e de Omnium Cultural foise estruturando unha potente organización transversal e interclasista para lle dar canle á autodeterminación de Catalunya. En Madrid e outros lugares do Estado adoitan pensar que o pulo soberanista naceu do xogo político de CDC (hoxe PdeCAT), ERC e CUP, mais o movemento soberanista trascende moito dos partidos nacionalistas, das elites e dos catalánfalantes. É un movemento social que integra toda caste de cidadáns de Catalunya.

Os Gobernos da Generalitat tentaron abondo pactar co Goberno do Estado un re-

feréndum para que Catalunya fixese uso do dereito a decidir que deriva da conxunta interpretación do Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos (1966) da ONU, do artigo 96 da Constitución e da doutrina emanada da Sociedade de Nacións (antecedente da ONU) ao recoñecer determinadas nacións europeas sen Estado (como fixo coa nosa Galicia en setembro de 1933). Un dereito a decidir que máis do 70% da cidadanía catalá quere concretar nun plebiscito.

Velaí que, pechadas todas as vías de consenso, o Parlament catalán, seguindo o mandato das eleccións autonómicas de

setembro de 2015, vaia aprobar esta semana a Lei do referéndum, que dará cobertura normativa ao Decreto do Govern convocando o vindeiro plebiscito do 1 de outubro. O TC suspenderá esa cobertura

normativa e constataremos o confronto entre a normativa constitucional española e a emanada do mandato cidadá catalán de setembro de 2015.

Confronto de lexitimidades que non se amaña con Tribunais nin moito menos coa Garda Civil ou os tanques. E Rajoy sábeo.



Por: Guillermo Rodríguez

Director



E agora qué, Sr. Rajoy?

Que o próximo día 1º de outubro vai haber un referendo xa ninguén o dubida. Poderá ter máis ou menos garantías pero iso xa é o de menos. O que si está claro é que unha parte importante dos cataláns van confirmarnos que non queren seguir xunguidos ao resto do Estado. Ata agora todos os medios de comunicación estaban, con Rajoy á cabeza, convencidos de que o día 1º de outubro en Cataluña non ía pasar nada. Oxalá acerten e que non teñamos que lamentar casos e cousas non desexables para ninguén. Pero que se vai celebrar unha votación con urnas está clarísimo, e moito máis claro está logo da Diada do pasado día 11.

Nos últimos meses, digo meses, acaso anos, estamos sendo vítimas dun bombardeo informativo total e absoluto. Quixeron facernos crer que as leis do Estado non permiten que se mova unha mosca sen o consentimento do Tribunal Constitucional. É curioso. Un país como España no que tivemos épocas nas que cada dez ou quince anos houbo unha Constitución diferente agora pretenderon vendernos a moto de que a que temos é intocable. Rajoy dixit, causa finita est.

Todos estamos de acordo que nunha sociedade democrática, madura e cunhas institucións debidamente asentadas no maxín social as cousas deben facerse con calma, con diálogo, enfrontando ideas novas e actualizadas para modernizar e poñer ao día as institucións. O mundo xira, como di a canción, e logo de cada xiro xa non é o mesmo. Dende que eu teño uso de razón social e política as cousas que ao meu arredor cambiaron son infinitas. Os meus fillos teñen un concepto da sociedade diferente ao meu. Non sei se mellor ou peor, pero si diferente. Os seus valores xa non coinciden cos meus. Teño que sometelos a unha catarse para endereitalos? Teño que impoñerlle o meu modelo de vida, as miñas inxedanzas, os meus valores? Obviamente, non. Pois logo, en Cataluña tampouco se pode ordenar parar o reloxo dos tempos. Xa non imos falar, por ser algo indiscutible, dos dereitos dunha sociedade a dotarse de novas

canles de participación social, política, relixiosa. Xa non imos falar de que os cataláns sempre dixeran, con razón ou sen ela (iso aquí é o de menos) que non se sentían españois; que eran todos os cataláns? Está claro que non; pero que si eran unha grande parte da sociedade catalana tamén é verdade.

Ben, que se fixo, logo, para encarrilar ese sentimento de identidade, que pode ser romántico, interesado, ou o que vdes. queiran, que estaba, estivo e seguirá estando metido no maxín dunha gran parte da sociedade catalana?. Nada. A dicir ver-



dade, fíxose moito menos que nada. Traouse de anestesiar e asustar os cataláns lembrándolles a cada paso que, ollo ao piollo!!, que en Madrid había ferramentas suficientes para moldearlles as súas veleidades de independencia e de liberdade. Na forxa do Estado Español existía un xunque e un martelo pilón co que se pode moldear calquera material por moi duro que sexa. O fogo para quentar o xunque estaba acendido día a día a través dos medios de comunicación. Estes si que son defensores natos das institucións inamovibles que nos demos van alá xa 40 anos. Aquí podíamos facer unha parodia e dicir aquilo de "40 anos non son nada e feliz a mirada lembramos con nostalgia aqueles

anos históricos".

Dise que Rajoy coa súa política en Cataluña demostrou ter dotes demiúrxicas, porque nos anos que leva a fronte do Goberno (que governe é outra cuestión) foi quen de aumentar exponencialmente o número de cataláns que se queren ver ceibes das gadoupas do Estado Central Constituínte. Zapatero conseguira que a sociedade catalana se sentira cómoda no diván do psiquiatra político, con aquela declaración de que o Parlamento do Estado aceptaría o novo Estatuto de Autonomía que chegara a Madrid aprobado polo Parlamento de Cataluña. E así foi. As cousas parecían tranquilas para unha longa tempada, pero

chegou o PP, con Rajoy á fronte, e dixo que diso nada.

Aquel Estatuto que aprobara Cataluña e tamén o Parla-

mento do Estado tiña que pasar polas horcas caudinas do seu equipo. E vaia se pasou!! Presentaron un recurso de inconstitucionalidade diante do Tribunal Constitucional, no que se tiñan asegurado, igual que agora, unha maioría de votos suficientes para laminarlles o Estatuto aos cataláns. Sabían que se estaban metendo na boca do lobo, pero a falta de votos e apoio popular quixeron facer unha demostración de moita testosterona, e no PP, ao que parece hai moita, aínda que temos dúbidas de que sexa quen de dar vida a nada bo.

Os nosos conspicuos maxistrados reunidos en cónclave decidiron cortarllelas ás aos cataláns. Metéronlle as tixeiras e o Es-

tatuto quedou peor do que estaba. Non había que ser moi espabilado para deducir o cabreo descomunal que sentiron os cataláns; pero todos, os soberanistas, os independentistas e aqueles que apostando por seguir xunguidos ao Estado Español sempre defenderon as súas históricas diferenzas co resto do Estado. Eses que aínda hoxe seguen dicindo que eles queren votar en referendo aínda que non sexa, exactamente, dentro do proceso que o actual goberno catalán lles ofrece. Queren votar porque senten a necesidade de afianzarse nas súas conviccións que non teñen por que ser de ruptura co Estado actual. Por que non se lles permite votar libremente? Por que resulta tan "perigoso" para o actual stabliment unha votación libre ordenada e con garantías de legalidade e lexitimidade?

A resposta terán que dala, logo do 1º de outubro, as autoridade do Gobeno Central; agás que pretendan meter na cadea a todos os cataláns que van votar ese día.

Vivimos un momento difícil desde o punto vista das liberdades políticas e dos dereitos democráticos dos pobos a decidir os seus destinos. Hoxe non valen vellos corsés que serviron anos ha; hoxe xa teñen ocorrido procesos semellantes no resto do planeta que nos permite albiscar solucións intelixentes, modernas e respectuosas cos dereitos colectivos dos pobos.

Esperamos e desexamos que o luns día 2 sexamos testemuñas dun chamamento conxunto dos dous gobernos (español e catalán) anunciándonos conversas para poñer fin a esta "tolemia política" que uns e outros están levando ao borde do precipicio. Unha vez alí calquera movemento inusual e inesperado pode facer que a catastrophe política non teña remedio. Que vai facer logo, Sr. Rajoy? Dispón de tantos cuartos nos cárceres do Estado para reprimir a milleiros de cataláns que na pasada Diada estiveron nas rúas de Cataluña reclamando e afirmando querer votar e dicidir? Por favor, use o sentido común aínda que ás veces sexa o menos común dos sentidos.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosdespanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

HUMOR

A mirada de Raúl Fernando Zuleta

Por Francisco Puñal Suárez





Pintor, escritor, caricaturista, desde moi novo Raúl Fernando Zuleta interesouse polo debuxo, recibiu clases de Fernando Pica, director do Festival Internacional de Caricaturas CartoonRendon, estudou Artes Plásticas na Universidade Nacional de Colombia (2006) e alcanzou unha Maestría en Historia da Arte da Universidade de Antioquia (2011). Posteriormente comezou a participar en eventos de humor gráfico en Colombia e no exterior, ata que, sen darse conta, a caricatura converteuse nun área indispensable da súa carreira profesional, pois atopara unha forma particular para dicir cousas que as expresaba a través das súas pin-

Por iso é polo que a caricatura deveu para Zuleta como unha extensión das tantas posibilidades que integran a arte contemporánea. Este aspecto, a diferenza de moitos caricaturistas, permitiulle crear unha ponte teórica e formal máis estruturada entre a caricatura e a arte.

Nacido en 1983, en Guarne, un pequeno pobo de Colombia, Zuleta xa suma na súa carreira profesional preto de 35 premios e menciones en diferentes países e unha constante selección en diversos concursos internacionais de humor gráfico. Paralelamente, Zuleta foi profesor de arte, e comezou a establecer pontes reflexivos entre a arte e a caricatura.

"Interésame moito -expresa Zuleta- que os meus debuxos xeren unha refle-

xión, e máis aínda cando estes abordan algún aspecto social, político, cultural, económico e relixioso do mundo actual. Sempre busco xerar unha situación divertida pero que inmediatamente provoque un acto reflexivo no espectador. Os temas da sociedade actual cobran maior sentido cando os contrastas con feitos pasados da historia da humanidade, porque ao xerar unha interacción entre situacións, cousas e comportamentos da actualidade con episodios do pasado -como no caso das historias bíblicas- esta relación convértese nunha especie de espello que nos reflicte e, á vez, fainos caer en conta de como é a sociedade contemporánea. Cando as miñas caricaturas logran develar iso, eu sinto que logrei o meu propósito".



FUCO PRADO



PONTEAREAS

O goberno presenta a transformación do Paseo Matutino

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a Tenente de Alcalde e Concelleira de Vías e Obras, Chus Garrote, reuníronse con hostaleiros, comerciantes, comunidades de propietarios e veciños do Paseo Matutino para expor o proxecto de transformación do primeiro tramo da rúa.

A actuación no primeiro tramo conta cun orzamento de 178.000€ e comprende unha completa reforma da rúa dende o cruce coa Avda de Galicia con Rogelio Groba ao cruce coa rúa Castañal.

O novo proxecto de reforma para o primeiro tramo do Paseo Matutino actuará sobre toda a plataforma e non só as beirarrúas e tamén contempla obras no alumbeado público da zona así como a

separación de pluviais das augas residuais.

“Esta transformación radical suporá unha modernización que beneficiará aos veciños e negocios. A rúa quedará toda ao mesmo nivel, en plataforma única que permitirá o paso de vehículos, e primará o tránsito peonil con amplias beirarrúas. Será un espazo agradable seguindo as premisas prantexadas no estudo de Mobilidade e de acordo ás liñas marcadas pola estratexia Ponteareas Hábitat Saudable”, explica o Alcalde.

Esta actuación será un dos primeiros exemplos do modelo de cidade hacia o que camiñará Ponteareas, e que marcará o modelo de actuacións noutros espazos, xa que segundo adianta

Garrote, “neste momento, o primeiro tramo do Paseo Matutino é a zona na que se pode actuar pero a nosa intención é facer unha mellora en toda a rúa en canto sexa posible unha vez aprobado o Plan de ordenación”.

A superficie de actuación será duns 1.150 metros cadrados, dos que 785 metros cadrados serán beirarrúa e 370 calzada para vehículos. O primeiro tramo do Paseo Matutino será unha plataforma única de convivencia con prioridade para os peóns e non haberá desniveis entre a beirarrúa e a calzada, a pedra de granito gris quedará para a beirarrúa marcando a calzada con asfalto de cor. As terrazas da hostalería irán pegadas aos establecementos e



disporase dunha fila de árbores de porte alto e folla caduca.

Na actualidade a beirarrúa esquerda (vista dende o Concello) é de 1,50 m e pasará a 6 metros, nela irá a fila de arborado. A beirarrúa da dereita terá 4,45 m. Nas dúas beirarrúas estará delimitando o espazo máximo que poden ocupar as terrazas quedando despexados os portais de acceso ás vivendas quedando despexados e a folla caduca evitará que se produza sombra nas vivendas durante a tempada invernal.

Saneamento

Outra das actuacións é a instalación dun colector de augas fluviais para separar pluviais de fecais xa que neste tramo non hai colector independente. O colector terá capacidade para 18.000 metros cadrados para recoller as augas de chuvia de todo o entorno.

O novo alumbeado seguirá os cri-

terios de eficiencia enerxética, con luminarias tipo LED e tamén se colocarán bancos de granito, papeleiras e bolardos

Na reunión estiveron tamén a arquitecta municipal e o arquitecto responsable do proxecto.

“A nosa intención é que a inversión contemplada naquel primeiro proxecto de reforma do Paseo Matutino siga a ser destinada á mellora desa zona. O proxecto anterior, que neste momento non se pode executar, non contemplaba o primeiro tramo e só preveía a actuación en parte das beirarrúas, este é máis completo e recolle toda a plataforma, alumbeado, mobiliario e saneamento”, engade Garrote.

O goberno de Ponteareas convoca a tódolos veciños, comerciantes e propietarios do Paseo Matutino a asistir a vindeira reunión que terá lugar o sábado 16 ás 10 horas.



Viñoteca
Eira Vella
viños, tostas, pulgas e demais ...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas

694 416 706

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

O noso Eido
taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreias, Peixes do Río, Chocos a Frío, Bacalao e Kikos a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

Panadería Pastelería
A Fogaza
Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Ponteareas
Telf.: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

CAFETERIA
Pitufos

Avda. Castela, 18 PONTEAREAS
Telf.: 886 21 62 55

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Represas urxe á Xunta e Fomento a constitución da Comisión para construír a Circunvalación

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, considera que estamos diante dun momento crucial para o futuro de Ponteareas, un momento no que é imprescindible a coordinación das obras das distintas administración nunha mesma dirección e activar a execución de actuacións prioritarias, polas que Ponteareas leva tantos anos agardando, como a Circunvalación que una a autovía A-52 dende o enlace de Moreira co núcleo urbano e a N-120. Nun momento ademais no que se porán en marcha as distintas liñas de actuación do programa financiado con fondos europeos, "Ponteareas Habitat Saudable". "O mellor será que rememos todos na mesma dirección" manifestou o alcalde

Neste sentido o alcalde ten demandado da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e do Ministerio de Fomento, a constitución da Comisión de Seguimento para a construción da circunvalación de Ponteareas, tal e como xa se comprometeron Ana Pastor, e a



conselleira, Ethel Vázquez, en maio de 2015. O alcalde trasladoulle a urxencia de iniciar os traballos, "neste momento non hai tempo que perder, é preciso pasar dos compromisos que figuran nos orzamentos do Estado aos feitos, para que non pase outro ano sen gastar na circunvalación o diñeiro previsto para 2017"

Este foi un dos temas tratados na reunión celebrada a mediados de agosto cos grupos políticos e cos colectivos sociais de Areas, Arnoso e Xinzo para

mellora da seguridade viaria na N-120. "Estou seguro que si Fomento e a Xunta ven que estamos unidos na defensa dos intereses e das prioridades de Ponteareas, activarán a constitución da Comisión e poderemos avanzar para lograr este obxectivo polo que levamos agardando dende hai 20 anos"

Represas anunciou que manterá outros encontros con colectivos sociais e asociacións de empresarios, comerciantes e colectivos veciñais para concretar un acordo común de seguimento dos compromisos da Xunta e Fomento para mellorar a seguridade viaria e as comunicacións de Ponteareas

Represas lembrou que no pasado ano 2016, o Ministerio de Fomento e a Xunta anunciaron que destinaban 540.000 euros para a Circunvalación, importe que se perdeu sen que nin Xunta nin Fomento avanzaran nada na redación e tramitación do proxecto.

Gobernos de Ponteareas, Mondariz e usuarios reclaman a reposición do servizo público de autobuses

Usuarios e colectivos afectados polos recortes no servizo de transporte público de autobuses mantiveron unha reunión co Alcalde de Ponteareas, a Concelleira de Mobilidade, a Tenente de Alcalde e a Concelleira de Participación Cidadá para acordar as medidas a adoptar na reclamación da reposición do servizo público de autobuses.

Na reunión, mantida na casa do Concello, o equipo de goberno e os afectados acordaron esixir á Xunta de Galicia o mantemento do servizo de autobuses e a frecuencia existentes ata antes do pasado 8 de agosto, data a partir da cal se produciron os recortes.

O goberno de Ponteareas solicitará unha reunión urxente coa Consellería para esixir non só a reposición do servizo se non tamén pedir explicacións pola falta de transparencia e información ofrecida tanto aos concellos como aos usuarios

quedando moitos deles esquecidos nas paradas dos autobuses sen saber que ese mesmo día deixaba de existir esa liña ou ese horario.

Os afectados, que seguirán coa recollida de sinaturas, amosaron especial preocupación polas condicións do novo servizo de recollida escolar do que tam pouco dispoñen de información.

Neste momento, contabilízanse máis de doce liñas suprimidas nos traxectos lindantes coa N-120 tanto en dirección Ourense como en dirección Vigo.

Á reunión asistiron usuarios do centro urbano afectados polo recorte, representantes veciñais das asociacións de veciños de Santiago de Oliveira, San Lourenzo de Oliveira e Cumiar, ademais do Alcalde da entidade menor de Vilasobroso, a primeira tenente de Alcalde de Mondariz e membros do equipo de goberno do Concello de Ponteareas.



·INDOMABLE·
presentando seu disco
INCONDICIONAL E IMPERFECTO

15 sep **CASA LOLA** Ponteareas 23:30h
16 sep **A CORTE DOS BOIS** Sandiás 22:30h
17 sep **O MEIGALLO** Sarria 19:30h
22 sep **BEMBÉ** Tui 23:30h
23 sep **CHIRINGO ATLÁNTICO** Aldán 20:00h

GASOLEOS TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

O goberno de Ponteareas saca ao Concello da UCI económica



O concelleiro de Facenda e Persoal, Francisco Alonso, deu conta da mellora da situación económica do Concello que permitirá pagar as débedas históricas e as sentenzas nos vindeiros meses. Neste momento, o Concello ven de liquidar o 50% da débeda histórica coa empresa central eléctrica Sestelo co pago 434.125,58 euros en cumprimento da Sentenza 00229/2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. “No momento que asumimos o goberno municipal, en xuño de 2015, a situación económica era grave e ademais durante os se-

guintes meses recibimos varias condenas e sancións que limitaron moitísimo o marxe de actuación, obrigando a destinar boa parte dos recursos a pagar as débedas históricas dos gobernos do PP”, afirmou Alonso.

Neste mes de setembro tamén liquidará outras débedas históricas relevantes como a débeda coa empresas Construcciones Crespo por importe de 258.000 euros e o importe restante con Augas de Galicia pola construción en 2011 da planta potabilizadora. Estas débedas xunto á da eléctrica Sestelo, xa pagada, supón liquidar débedas por un importe total de máis dun 1.500.000 euros (que inclúen as mencionadas e as do cadro resumo). O restante está pendente de pagar no que queda de ano.

Por primeira vez na historia recente de Ponteareas, a final deste

ano 2017 o remanente de tesorería será positivo. Isto significa que o Concello por primeira vez pode facer fronte ao pago de todas as débedas e obrigas. “Podemos afirmar que sacamos ao Concello da UCI económica na que estaba” manifestou o concelleiro de facenda. A 31 de decembro de 2014, o remanente era negativo en 5.031.208€. “A partir de agora, co concello saneado, poderemos afrontar novos investimentos e atender en prazo os compromisos de pago”.

O concelleiro de Facenda tamén criticou a actuación do anterior goberno do PP por ter a responsabilidade de impago de milleros de facturas coa empresa Sestelo e o descontrol contable das débedas. O goberno do PP recurriu o fallo xudicial en 2014 e no pasado ano 2016 o TSXG confirmou a sentenza de 2014, desestimando o recurso de apelación por inconsistente. “Solla e Villar foron incapaces de por orde na contabilidade para pagar ás débedas en prazo e defender os intereses do Concello, por iso desestimaron o seu recurso” explicou o concelleiro de facenda,

Francisco Alonso, engadindo que foi o goberno actual quen logrou aclarar toda esta situación e poñer orde para pechar un acordo xudicial co que realmente se debía.

“O que tiña que facer Villar e Solla en 2014, en lugar de recurrir unha sentenza sen argumentos como desculpa de mal pagadores, era preocuparse porque a contabilidade municipal reflexara as débedas reais e pechar un acordo xudicial daquela, hai 3 anos.”

O concelleiro de facenda insinou ao PP a dar explicacións aos ponteareáns polo impago destas débedas de gasto corrente en iluminación pública e polo descontrol contable, “Así como asumir a súa responsabilidade de levar o concello á intervención do Ministerio de Facenda co embargo dos ingresos durante 50 meses”

“Resulta insultante ver as declaracións dos concelleiros do PP de que pagar agora 867.400 euros desta débeda histórica non supón ningún problema, como si non pasase nada, como si fora igual contar ou non con 867.400 euros máis.

Ponteareas ofertará formación en mercadotecnia e creación de microempresas

O Concello de Ponteareas ven de conseguir unha subvención de 125.691€ para cursos de formación ocupacional dirixidos prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.

Os cursos, que deberán desenvolverse antes do 30 de xuño de 2018, capacitarán ao alumnado en “Mercadotecnia e compra-venta internacional” e “Creación e xestión de microempresas”.

O curso de mercadotecnia, que conta cun orzamento de 73.368€, terá un total de 828 horas e o de creación de microempresas, cun orzamento de 52.323€, realizarse durante 598 horas.

Unha das prioridades do goberno de Ponteareas é o fomento de emprego, nas últimas semanas tamén se abriu o prazo para inscribirse no obradoiro de emprego “Compromiso Social III” que permitirá a inserción laboral e a formación de máis de vinte persoas desempregadas.

“O goberno ten hoxe máis cartos e menos obrigas que na anterior lexislatura”, responde o PP

O PP local resposta ás manifestacións do concelleiro local de facenda que afirma “sacaron o Concello da UCI económica na que estaba”. O PP respóndalle que iso tiña que ser xa fai un ano se cumpriran co Plan de Saneamento Económico Financeiro aprobado na anterior lexislatura, con medidas ás que BNG e PSOE votaron en contra. Agora, anos despois si que lle sirven esas medidas.

O PP pidelle ao alcalde e concelleiro que fagan memoria porque fai dez anos as obrigas pendentes de pago superaban os 20 millóns de euros, procedentes de gobernos anteriores, incluído o bipartito de BNG e PSOE dos anos 2003/2004..

Falar agora de pagar as últimas débedas non é mérito seu porque este goberno non tomou ningunha medida de aforro nin de redución de gasto. Pola contra segue cobrándolles aos vecinos os impostos tal e como estaban, aínda que na Oposición solicitaban continua-

mente foran rebaixados a pesares de coñecer a situación económica pola que atravesaban as contas municipais.

Hoxe están pagando débedas que antes non se podían pagar por estar á espera de sentenzas xudiciais, como é o caso de Sestelo ou de Construcciones Crespo

Pero o que non din é que agora ingresan do Estado 2,2 millóns € mais cada ano; ata agora retidos polo Estado para facer fronte ás obrigas. Total, hoxe teñen máis cartos e menos obrigas.

O que está claro, afirma o PP, é que a xestión deste Goberno non é acertada nin eficaz, gastan por enriba das posibilidades; a senda de recuperación que se viña producindo nos últimos anos polo Plan de Saneamento e de



Axuste elaborados na anterior lexislatura, está a mudar polos “excesivos compromisos de gasto” que este Goberno está adquirindo.

O goberno endeuda ao Concello en 400.000€

Segundo o PP local despois do esforzo feito nas últimas dúas lexislaturas para sanear o Concello, con medidas de aforro e control do gasto que permitiron reducir as débedas en máis de 20 millóns de euros, que se debían fai dez anos, hoxe, a punto de rematar todas as obrigas gracias ó Plan de Saneamento e ó Plan de Axuste, o actual goberno presidido por José Represas vai endebedar o concello en 400.000€. Cartos que terán que pagar os gobernos vindeiros ata o ano 2032.

Son estes os gobernantes, din os populares, aforradores pero que gastan máis do que poden e teñen a “desfachatez” de acusar a outros de endebedar ao Concello? Non se decatan de estar facendo o mesmo?

Este contrato xa foi asinado coa Deputación fai seis meses, pero tivo que pasar polo Pleno tal como existen a Secretaria e o Interventor municipais.

Co aumento de ingresos actuais, máis de 2 millóns anuais, este préstamo podía ser pagado nun par de anos. Por que se deixa a débeda a futuros gobernos? Non era isto, precisamente, o que sempre criticaban?

Proba da nefasta xestión do actual goberno que sobrepasando as súas competencias asina un convenio que logo ten que refrendar o Pleno.

PROGRAMACIÓN FESTAS DE SETEMBRO 2017

VENRES 1

22:00 Feira Vella. **Concerto de Rock. SON DA RÚA. REBELIÓN DE INFRAMUNDO E SKANDALO GZ.**

SÁBADO 2

10:00 Auditorio Municipal. **Inauguración da Mostra de Bonsais.**
22:00 Pontearas cidade. **Cine na Rúa. Un Funeral de Muerte (*)**.

VENRES 8

12:00 Ruada dos xigantes e cabezudos polo centro urbano acompañados de música tradicional.
17:30 Animación infantil polo centro urbano.
21:30 Praza de Bugallal. **Concerto a cargo da BANDA DE MÚSICA XUVENIL DE XINZO. (*)**
A partir das 23:00 Praza de Maior. **Verbena amenizada polo grupo: ALKÁZAR.**

SÁBADO 9

XI FEIRA TRADICIONAL DOS REMEDIOS.
10:30 Apertura na rúa Constitución, Praza Bugallal, Esperanza e Oriente. Actuación de grupos de música tradicional, teatro de rúa. Animación con **CE ORQUESTRA PANTASMA...**
17:30 Animación infantil polo centro urbano.
Praza Maior. **Obradoiro de xogos tradicionais**
22:00 Praza Maior. **CONCERTO DE MÚSICA FOLK A CARGO DE XULIO LORENZO.**
23:30 Praza Maior. **Verbena amenizada pola Orquestra "LA TORRE".**

DOMINGO 10

12:00 Ruada polo casco urbano da Banda de música **REVERIANO SOUTULLO.**
12:30 Avda. Castela. **Concerto da Banda de música. (*)**
18:00 Ruada dos grupos participantes no **XXX FESTIVAL FOLCLÓRICO DO CONDADO.**
19:00 Feira Vella Actuación dos grupos no **XXX FESTIVAL FOLCLÓRICO DO CONDADO: A PEDRA DA GARZA DE FOZARA E ALGAZARA DE CELEIROS E OS MUIÑOS DE SANTIAGO DE OLIVEIRA.**
22:30 Praza Maior **Verbena coa Orquestra TANGO.**

FESTAS DOS REMEDIOS

XOVES 14

18:00 Praza Maior. Exhibición de danza. Escola de baile "Muévete". Exhibición de "Coliño bailongo".

VENRES 15

19:30 Feira Vella **exhibición de grupos de playback Areas, Prado, Santiago de Oliveira. (*)**
20:30 Salón de Plenos. **Venres de Letras, "NORDESTE" de Daniel Asorey.**

SÁBADO 16

16:30 Coñece Pontearas. **Visita aos muiños de Couso, restos capela de S. Martiño e penedos de S. Cibrán.** Guiada por Aristides Carrera (inscripción previa na Biblioteca Municipal).
20:00 Auditorio Municipal. **Inauguración da exposición** da Excmª Deputación de Pontevedra. **"A GAITA NA MÚSICA TRADICIONAL".**

DOMINGO 17

18:00 Ruada dos grupos participantes no **XXX FESTIVAL FOLCLÓRICO DO CONDADO.**
19:00 Feira Vella. **Actuación dos participantes no XXX FESTIVAL FOLCLÓRICO DO CONDADO: CENTRO CULTURAL DE XINZO, PADRÓN, SADEO E AREAS. (*)**

XOVES 21

17:30 Praza Maior. **Obradoiro de instrumentos tradicionais a cargo de Pablo Carpintero.** (en caso de chuvia na Feira Vella).
20:00 Salón de Plenos. **Presentación Revista do L. CONCURSO DE GAITAS.**

VENRES 22

17:00 Parque das Pombas. **Día dos NENOS: ATRACCIÓN INCHABEIS.**

SÁBADO 23

16:30 Xardíns do Concello. **Saída e ruada dos grupos participantes no: L. CONCURSO DE GAITAS.**
17:00 Auditorio Municipal. **Actuación dos Grupos do L. CONCURSO DE GAITAS.**
22:30 Feira Vella. **CONCERTO DO GRUPO GANADOR DO L CONCURSO DE GAITAS E X. MANUEL BUDIÑO.**

DOMINGO 24

Praza Maior.
17:00 Actuación karaoke infantil.
19:00 Actuación karaoke adulto.

XOVES 28

18:00 Pasarrúas dos xigantes e cabezudos polo casco urbano acompañados de música tradicional.
22:00 Praza Maior. **Actuación da Orquestra: COMBO DOMINICANO.**

VENRES 29

11:00 Praza Bugallal. **Concerto da Banda de Música Unión de Guláns.**
13:30 Praza Bugallal. **Lanzamentos de Globos de S. Miguel.**
17:30 Casco Urbano. **Animación Infantil.**
21:00 e 00:00 Praza Bugallal. **Verbena coa orquestra: PALLADIUM.**
22:30 e 01:30 Praza Maior. **Verbena coa orquestra: MIRAMAR.**

SÁBADO 30

21:30 Praza Maior. **Verbena coa orquestra: MAGOS DE ESPAÑA.**
23:00 Feira Vella. **Concerto MERCEDES PEÓN.** Festival das Brétemas.
00:30 Praza Maior. **Actuación da Orquestra: MAGOS DE ESPAÑA.**

FESTAS DE SAN MIGUEL

DOMINGO 01 Outubro

20:00 Auditorio Municipal. **Concerto de Zarzuela coa Soprano Teresa Novoa e a Banda de Música Xuvenil de Xinzo.**

EXPOSICIÓNS

Días 2 e 3
Auditorio Municipal. **Exposicións de Bonsais**
Visita exposicións de 10 a 14 h. e de 17 a 20 h.

Do 21 o 1
Exposición de **"A Gaita na Música Tradicional"** e instrumentos música tradicional.
Visita exposicións de 11 a 14 h. e de 18 a 20 h.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Do 1 o 10
A partir das 9:30 pistas de tenis da FREIXA **IX TORNEO DE TENIS CONCELLO DE PONTEAREAS.**

SÁBADO 2
16:00 Praza Maior. **Torneo de Basket na Rúa 3x3 Concello de Pontearas.**

SÁBADO 16
De 16:00 a 20:00 Praza Bugallal. **Trofeo de ciclismo "Festas de Setembro 2017" Memoria Emilio María Rodríguez González.**

DOMINGO 17
10:00 Praza Maior. **Marcha popular de ciclismo para todos os públicos.**

ACTOS RELIXIOSOS
NOVENA E MISAS DA VIRXE DOS REMEDIOS

DO 30 Ago. 07 DE Setem.
20:00 Misa da Novena na Igrexa Parroquial.

VENRES 8
Misas.
10:00 e 12:00 h; 19:00 Misa Solemne e Procesión.

ACTOS RELIXIOSOS
NOVENA E MISAS DE SAN MIGUEL

DO 20 o 28
20:00 Misa da novena na Igrexa Parroquial.
JUEVES 29
10:00 Misa.
12:00 Misa Solemne e Procesión.
20:00 Misa.

Días 8 e 9
A Placetaña. **X Festival de música electrónica de Pontearas "AQUATEA 2017".** Organiza: A.G. Música electrónica.

Do 16 o 22
Semana Europea de Mobilidade.

Día 16
Día sen coches. Centro urbano: desde Centro Artístico Sportivo, rúa Constitución, Moiales Hidalgo, Estrada e Prazas Maior e Bugallal.

Outras cuestións:
*desde o 16/9 todas as fins de semana, curso de monitores de actividades de tempo libre. Inscripcións ata o 13/9 na ONIX Pontearas.

Do 11 ao 20
Campaña de chalecos reflectantes.
Reparto colas parroquias. Horarios: 19:00 a 20:00 horas.

Días 29 e 30
Feira vella. **Festival das Brétemas.** (Programación específica)

OUTRAS
ACTIVIDADES

PONTEAREAS

0 día 23 celébrase 50º Concurso de Gaitas de Ponteareas

O Concello de Ponteareas pechou a inscrición para o L Concurso de Gaitas cun total de dezaseis grupos chegados de toda Galicia máis un grupo de Madrid. O concurso, que terá lugar o vindeiro día 23 de setembro ás 17:00 horas no Auditorio Municipal, arranca con novidades como a presentación da revista ou a colaboración da Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño. Deste xeito, o Concurso de Gaitas do País de Ponteareas confirmase, unha vez máis, como referente da música tradicional vándose celebrando dende hai cincuenta anos.

Este ano a Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño bríndase a colaborar co Concello facendo entrega de premios aos gañadores pola repercusión e importancia do Concurso no panorama da música tradicional e polo seu apoio na promoción da

cultura galega. Esta colaboración tradúcese no incremento dos premios do Concurso: 2 gaitas realizadas polo obradoiro Gaitas Gil de Ponteareas ao 1º Premio; 2 gaitas do obradoiro Seivane de Cambre, A Coruña, ao 2º Premio; 2 gaitas do obradoiro Lis Latas de Lugo ao 3º e ao 4º Premio dúas gaitas do obradoiro Jesús Represas de Ponteareas.

Unha ruada polo centro urbano dos 16 grupos participantes servirá como presentación á veciñanza para dar lugar, posteriormente, ao concurso.

Ademais, a Deputación de Pontevedra inaugurará o día 16 de setembro no Auditorio Municipal de Ponteareas a exposición "A Gaita na Música Tradicional" que se poderá visitar ata o día 23 de setembro. A exposición contará con dous paneis con material inédito sobre o Concurso de Gaitas do País de Ponteareas.

Concerto de Xose Manuel Budiño

Ese mesmo sábado 23 as 22:30h. no parque da Feira Vella terá lugar un concerto do grupo gañador do Concurso de Gaitas e a continuación actuará o gaitero moaños Xosé Manuel Budiño, que se achega a Ponteareas na súa xira do 20 aniversario do seu primeiro disco "Paralaia".

Budiño é un artista atípico, un compositor que desperta admiración entre os seus, un creador fascinante que enraiza a súa música na tradición galega mesturada sutilmente cos sons máis contemporáneos. As súas creacións, os seus espectáculos en directo, son recoñecidos mundialmente pola crítica especializada e afianzados con premios de prestixio entre a profesión, enchendo teatros en cidades como Shanghai, Damasco, Beirut, Casablanca, Tanger, Frankfurt, Milán, Glasgow, Bos Aires, Bogotá ou México D.F.



milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

SPG
TALLERES

BODEGUILLA PULPERIA TAPERIA

BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

Restaurante O'Rianxo

Algo diferente no Condado

Terraza de verano interior
Ctra. N-120
Vilasobroso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Telf.: +34 986 654 434

CAFETERÍA BAR GOLFIÑO

Encostada, 3
Guillade de Arriba - Ponteareas

ELECTRICIDAD IN. M. A. C. CONDADO.SL

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1503

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tell. 986 65 82 07 Móviles 651 86 01 55 - 85 email: administracion@electricidadcondado.es
Polig. Ind. Chan da Ponte, Nave 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Exitosa tempada do Club Natación Ponteareas

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e o Concelleiro de Deportes, Benito Márquez, recibiron esta semana no salón de plenos da Concello aos nadadores do Club Natación Ponteareas pola súa exitosa traxectoria e logros acadados nesta última tempada deportiva, que estiveron acompañados por membros da directiva e do corpo técnico da entidade.

O Club Natación Ponteareas tivo representación no Campionato de España celebrado en Barcelona cos nadadores Pablo Cabana, Francisco Rodríguez e Marcos Martínez na categoría alevín; na infantil con Carla Faro, Andrea Domínguez e Javier Alonso e na junior con Irene Fernández e Laura Rodríguez.

Destaca o primeiro posto conseguido por Pablo Cabana que se proclamou campión de España en 1500 metros libres e subcampión en 200 mariposa,



400 libres e 400 estilos. Tamén é de salientar a actuación da infantil Carla Faro no Campionato de España celebrado en Málaga sendo finalista en tres probas do Top10 e Laura Rodrí-

guez cun quinto posto en augas abertas en 7,5km en Banyols.

Andrés Carrera, presidente e director técnico do Club Natación Ponteareas, destacou que

“cunhas marcas mínimas moi esixentes, tan so o feito de participar é un éxito; estar nos campionatos de España é un logro e un mérito que debemos recoñecer”.

A ludoteca abre a inscrición para a tempada do outono/inverno

A ludoteca de Ponteareas, dependente da Concellería de Benestar Social que dirixe Verónica Carrera, abre o prazo para inscribirse nos obradoiros e actividades para outono/inverno.

Coa finalidade de potenciar co xogo as aptitudes dos cativos e cativas, de ampliar os seus coñecementos e de favorecer a socialización ademais de avivar a curiosidade e a creatividade, a ludoteca de Ponteareas, que dirixe Ana Belén Fernández, desenvolve actividades nas que se da lugar a xogos de corro, de pelota, de paracaídas, ou de recuperación de tradicións, entre outros moitos xogos.

Pero ademais, durante o curso realizan diferentes obradoiros como os de reciclaxe con materiais de refugallo, cociña e repostería, expresión musical, animación á lectura, educación ambiental, teatro... e tamén saídas aos parques municipais e praias fluviais.

Tódolos interesados/as poden achegarse ata as oficinas da Ludoteca no edificio “Quince de maio”, Avda de Castelao, núm.23, local 1º; ou no teléfono 673794760

A Escola de Música de Xinzo inicia o Curso Escolar

Estreo da nova imaxe oficial, cursos de jazz, iniciación á dirección e música tradicional entre as novidades do novo curso.

O pasado día 4 de setembro preto 100 alumnos/as comezaron o curso 2017/2018 na Escola de Música de Xinzo, o cal rematará o 30 de xuño de 2018. O cadro de profesorado para este curso suma un total de 10 docentes que cubren tódalas especialidades musicais.

Este curso 2017/2018 contará con diversas novidades, entre as que destacan o estreo da imaxe oficial da propia escola de música, a programación dun curso de jazz e outro curso de iniciación á dirección bandística que se celebrarán na última semana de decembro, a organización dun festival de música de cámara polas rúas de Ponteareas na última semana de xaneiro, un curso de empalmetado para gaita no mes de maio, o festival de Bandas Infantís no mes de Xuño, así como tamén a celebración no mes de marzo dunha nova edición dos concertos didácticos no auditorio Reveriano

Soutullo para todos os colexios de Ponteareas.

No eido máis académico, a Escola de Música de Xinzo estrea neste curso novo funcionamento. A maioría das materias organizaranse en catro niveis de coñecementos co obxectivo de homoxeneizar a ensinanza musical, aumentando así a calidade docente e os resultados de aprendizaxe de todos os alumnos e alumnas.

Ademais, a dirección da Escola de Música quixo introducir diversas actividades musico-lúdicas neste novo curso escolar para dinamizar e favorecer a ensinanza musical entre todo o alumnado. Destacan a organización da semana do Samaín, a de Santa Icí, a do entroido ou a de portas abertas, complementándose coas audicións trimestrais correspondentes.

Outra das novidades deste curso 2017/2018 é a impartición de novas materias, como é a de “música tradicional”,



que inclúe gaita, pandeiro ou pandeireta, ou a da formación dun coro.

Segundo a palabra do Director da Escola de Música, Roberto Sánchez, “queremos facer unha aposta forte pola formación dun coro dirixido a persoas de tódalas idades, dado que na actualidade é unha das poucas carencias culturais e educativas que temos en Xinzo. Polo que animamos a que toda a xente que estea interesada se poña en contacto con nós para poder comezar cos ensaios no próximo mes de outubro”.

Destaca tamén que a Dirección da Escola de Música de

Xinzo no seu afán de seguir impulsando a formación musical entre toda a poboación do Concello de Ponteareas, está mantendo contactos con diversas Casas Culturais, co obxectivo de comezar a impartir ensinanzas musicais a nenos e nenas de 4 a 6 anos a través da materia de “música e movemento” de forma descentralizada nas diferentes parroquias de Ponteareas.

Por último, informar a todos os interesados/as que si desexan iniciarse nos estudos musicais na Escola de Música de Xinzo poden informarse nos teléfonos 620 06 14 34 ou 655 29 65 76.

Na tempada de verán

Durante a tempada estival a ludoteca estivo aberta dando unha alternativa máis de lecer contribuindo á conciliación familiar e laboral. Este verán o alumnado da ludoteca participou en talleres de cociña e repostería e nas skidas aos parques, rastrexos, xogos de paracaídas, andainas medioambientais, excursións culturais, como a do Parque da Canuda e o Tren Turístico Salvaterra - Monção visitando o Museo do Albariño en Monção e As Covas de Dona Urraca en Salvaterra. Saídas como as do Castelo do Sobroso, acompañados dunha bióloga e un grupo de voluntarios ou a da Hípica Char da Freixa, onde todos os nen@s puideron montar a cabalo cun instructor e coñecer un pouco mellor o mundo destes maravillosos animais.

Fixeron ademais unha actividade de Ioga Tibetano, con dous colaboradores habituais: Sonia e Manel e varias saídas a ríos e incluso á praia; tanto á praia das Dunas de Corrubedo, para coñecer a contorna paisaxística e medioambiental, e á praia de Nigrán, onde este ano fixemos Padel-Surf.

PONTEAREAS

Seguridade Cidadá invertiu 33.000€ no pintado e mellora da seguridade viaria

A Concellería de Seguridade Cidadá do Concello de Ponteareas, que dirixe Vanesa Fernández Soage, agradece a toda a cidadanía a súa colaboración informando das necesidades relativas á seguridade viaria que permitiron detectar as necesidades e realizar despois as melloras en canto a pintado en rúas e barrios de todo Ponteareas.

Participación cidadá

“Todas as suxerencias presentadas foron analizadas e acometidas por orden de prioridade segundo perigo existente nesa zona”, adianta Vanesa Fernández que engade que ademais do pintado de varios pasos de peóns quixeron pór fin a puntos conflictivos como a saída do barrio das Cachadas á N-120 á altura do restaurante Ponteareas. “Recibimos moitas queixas dos veciños da perigosidade dese cruce e cremos que tal como quedou sinalizado o problema está resolvo, aínda así estamos abertos a suxerencias”

reseñou Vanesa Fernández. Neste punto tamén se acometeron obras de ampliación da beirarrúa pola que non podía pasar nin un carro de bebé nin unha cadeira de rodas, estas melloras realizáronse dende a concellería de Vías e Obras que xestiona a Tenente de Alcalde, María Jesús Garrote.

Fernández Soage tamén quixo suprimir o estacionamento para tráfico pesado ao final da rúa do Paseo Matutino na confluencia coa N-120. “Recibimos moitas queixas dos veciños de vehículos pesados estacionados na zona. O que fixemos foi pintar unha zona peonil para impedir eses aparcamentos.”

Antes das obras, a Concellería analizou as situación de perigo para os peóns e para os condutores e por este motivo decidiu cambiar o paso de peóns sito na rúa Castañal na confluencia coa rúa Orotava porque “considerabamos que tódolos peóns que viñan do supermercado Dia situado no

outro lado da N-120 tiñan que ter continuidade por unha zona peonil. O antigo paso de peón estaba moi lonxe e non daba continuidade ó viandante para poder avanzar”, aclara Fernández Soage.

A Concellería tamén tivo en conta rúas que estiveron bastante abandonadas por anteriores gobernos como a rúa Lavandeiras e a rúa das Mimosas, demarcando zonas de estacionamento ao ser necesarias debido a cantidade de coches que aparcen nesa zona.

Parroquias

Tamén se atendeu ás demandas das parroquias, ademais das obras en Moreira tamén se pintaron rúas en Xinzo e Areas. “No caso da parroquia de Xinzo pintouse un estacionamento de minúsculo e unha a zona de carga e descarga diante da casa Cultural, e en Areas na zona do campo de fútbol. O Areas é un equipo que xoga en terceira división e arrastra moita xente ao campo de



fútbol e había que ter os cruces e pasos de peón sinalizados. No caso de Xinzo había que dar solución á descarga de mercadorías no centro cultural que sempre ten coches estacionados diante”.

No campo do Pardellas tamén se pintou unha zona de estacionamento, “era unha reivindicación proposta por algún club que utiliza as instalacións deportivas municipais e parecemos legí-

timo”.

A concelleira tamén agradece á Policía Local a axuda aportada para tentar acabar cos puntos conflictivos, “tivemos en conta o pintado do paso de peóns nas zonas dos colexios e do instituto dado que son puntos bastante conflictivos en época escolar”.

A Concellería de Seguridade Cidadá invertiu un total de 33.000€ nestas obras de pintado.

ACIP denuncia o peche do parque mobil do Concello

O Voceiro de Alternativa Ciudadana(CIP) denuncia que o peche l esconde a privatización do servizo cun custo moi superior para o Concello.

“Máis de 60.000 euros gastados demostran o despilfarro por parte do goberno local. Incompetencia manifesta e fórmulas fáciles de privatizar o servizo.

Na Oposición reclamaban que alí realizara os arranxos dos vehículos municipais, cando chegan ao goberno mándanos a talleres privados, nalgúns casos ata fora do Concello. Quen tomou esas decisión? Ten competencias para facelo? Facturas esaxeradas que non se xustifican co traballo feito.

Concellos de tamaño semellante, incluída a Deputación, teñen os seus propios talleres cos que aforran miles de euros ao ano en reparacións e revisións.

A ACiP preguntase quen elixe os talleres privados? Non deberían ofertarse a todos e rematar cos favoritismos?

Toman un acordo ilegal cambiándolle o posto de traballo ao traballador sen pasar polo Pleno, sen respectar os procedementos regrados.

Desde ACiP non se sorprenden esta falta de respecto aos traballadores apro-



veitando que non está a Secretaría e tomar acordos ilegais. A pregunta é, ¿Cómo reclaman eses dereitos nos seus respectivos postos de traballos e llelos negan a un traballador do Concello? Cantas varas de medir utilizan? Coko se chama iso?

O grupo municipal ACiP esixe do goberno local un cambio de aptitude nas formas de actuar e anule o peche do mesmo, caso contrario verémonos na obriga de presentar unha moción ao pleno para rematar con estas privatización encubertas e averiguar a quen favorecen.

Comida campestre de ACIP

Comenzando cunha andaina pola senda do río Tea, Alternativa Ciudadana de Ponteareas organizou o pasado 3 de setembro, un acto multitudinario con máis de 400 veciños que pagaron a súa comida no Parque de San Roque para que todos os veciños do concello coñeceran este Parque un tanto descoñecido para moitos, así como a Ponte dos Remedios.

Os produtos degustados nesta comida campestre foron adquiridos no comercio local tal como a organización resaltou que é a verdadeira axuda entre todos de comprar no comercio local.

Houbo inchables para os críos e unha intervención do Portavoz Juan Carlos González agradecendo a acollida do evento pedindo disculpas aos que preten-

dendo asistir non puideron facelo por falta de espazo, prometendo elixir nos vindeiros anos un con capacidade suficiente.

Realizou unha valoración do traballo do Grupo político no Concello como alternativa e grupo de oposición, destacando os logros das mocións e reclamacións feitas presentadas ao goberno para resolver problemas que os veciños denuncian.

Tamén falou do descontento dos veciños polos ouvidos xordos que fai o Goberno Local ás reclamacións que constantemente lle fai o Grupo Municipal de ACIP.

Comprometeuse a seguir loitando a favor dos veciños poñéndose a súa disposición para calquera reclamación que teñan que facerlle ao goberno e non sexan atendidos



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA / AS NEVES

'Escenarios da Prehistoria', fotografía de Federico de la Peña no Castelo de Dona Urraca

Esta exposición xorde coa idea de percorrer as mámoas, castros e petróglifos máis singulares da provincia a través das fotografías de Federico de la Peña.

'Escenarios da Prehistoria', nome co que así se coñece esta colección de 45 fotografías, pon de manifesto un dos bens patrimoniais máis relevantes da nosa provincia, como é a súa riqueza en asentamentos prehistóricos de gran relevancia.

A exposición divídese en catro grandes

bloques temáticos: Asentamentos paleolíticos, Monumentos megalíticos, Petróglifos e Castros. Componse de 45 fotografías enmarcadas e paneis explicativos dos diferentes períodos.

Federico de la Peña é o comisario e autor das fotografías da exposición, naturalista, produtor e realizador audiovisual de documentais de natureza e etnográfico, entre outras facetas profesionais.

O Castelo de Dona Urraca, albergará,

unha vez máis, unha exposición que estará aberta ó público tódolos sábados, domingos e festivos dende o venres 8 de setembro ata o domingo 8 de outubro. O horario de apertura da exposición é de 11:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h.

Ademais, cabe lembrar que o Punto de Información Turística de Salvaterra de Miño traballará, paralelamente, neste mesmo horario nas dependencias do Castelo de Dona Urraca.



As Neves pon en marcha un ambicioso proxecto de recuperación da memoria local

Recíbese o legado do fotógrafo local Alejandro Alonso Estévez

O Concello das Neves vén de iniciar un ambicioso proxecto de recuperación da memoria local, logo de recibir o legado do fotógrafo Alejandro Alfonso Estévez composto por máis de 3.000 negativos, en 35 mm, que recolle imaxes de habitantes do concello e da contorna dende os anos 60 do pasado século XX.

A maior parte dos negativos corresponden a fotografías de carné de centos de veciños e veciñas, aínda que tamén se inclúen numerosas fotos de estudo e de distintas celebracións e lugares do Concello das Neves.

A doazón deste arquivo gráfico, realizada por Manuel Tiago Seoane, foi aceptada de inmediato polo Concello das Neves, adquirindo o compromiso non só da súa conservación, senón tamén da súa difusión.

Identificación das fotografías

Para conseguir unha difusión axeitada deste legado, o primeiro paso será o proceso de identificación das fotografías "para o que é imprescindible a colaboración veciñal", aseguran dende o Concello.

Así, dende o luns, 11 de setembro, o Concello habilita unha sala no baixo do Centro Social de luns a venres de 11 a 13 horas, para que veciños e veciñas, poidan ver as fotografías que xa están dixitalizadas, e aportar datos sobre as persoas que aparecen nas distintas fotos ou en que lugar foron tomadas.

Amais de conseguir a correcta datación de todo o arquivo, a identificación permitirá obter o permiso das persoas que aparecen, "de tal xeito que as fotografías poidan ser utilizadas en exposición e actos de difusión da memoria gráfica local das Neves respec-

tando, de xeito escrupuloso, a Ley de Protección de Datos".

Dar a coñecer o pasado aos máis novos

Unha vez recibido o legado de Alejandro Alfonso Estévez, Fotógrafo, Barbeiro e "practicante", o Concello das Neves solicitou unha subvención á Dirección Xeral de Xuventude grazas á que, o arquivo, será exposto publicamente nos formatos que os máis novos decidan. Pantallas instaladas na Casa da Xuventude de 18 a 20 horas permitirán que, mozas e mozos poidan examinar as fotos polo miúdo e poidan, se así o desexan, ofrecer as súas propias propostas artísticas sobre as fotografías.

Ditas propostas, que terán que ser presentadas antes do 7 de outubro, poderán incluír formatos como o graffiti, collage, mural, cartaz, tarxetas ou calquera proposta artística que mestura varios destes formatos. Os traballos seleccionados por unha comisión que se constituirá expresamente para este certame, serán expostos

nunha mostra que terá lugar no mes de outubro. Vocación de continuidade

Este será o primeiro ano no que o concello leve adiante unha labor de difusión do arquivo do fotógrafo Alejandro Alfonso Estévez, "pero non será o último" sinala o Executivo local, xa que a iniciativa nace "cunha clara vocación de continuidade".

A idea é que As Neves, "un concello que ten a sorte de contar no seu patrimonio histórico con grandes cineastas como José Gil e fotógrafos como Alejandro Alfonso Estévez, entre outros, chegue a ser identificada como una vila na que a fotografía sempre estivo presente", explica o alcalde Xosé Manuel Rodríguez Méndez.

Esta iniciativa, será a primeira e marcará o punto de partida



"para a celebración anual dun evento relacionado coa fotografía e a memoria gráfica local". Trátase, conclúe o rexedor local, "de continuar coa liña marcada de colocar As Neves no mapa e convertelo non só nun referente enolóxico e gastronómico, senón tamén cultural".



Comunidades, Colegios, oficinas
cristalerías, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpieza de fachadas

Rúa As Lavandetas, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052



986 642 507
Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas



DECESES · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...
telf. información: 609 544 351

2ª FEIRA - EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DE ORQUÍDEAS



16 e 17 de Setembro, 2017

HORARIO: Sábado 16 de 11:00 h. a 20:00 h. / Domingo 17 de 11:00 h. a 19:00 h.

Salvaterra de Miño

EN PARQUE XARDÍN A CANUDA
(XARDÍN BOTÁNICO DE ORQUÍDEAS)



Organiza: CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

Información: 986 65 81 26 - 65 80 82
info@concellodesalvaterra.org



PROGRAMA:

SÁBADO, 16 DE SETEMBRO

11:00 h. / Apertura da Feira - Exposición Internacional.

12:00 h. / Actuación do Grupo de Baile e da Banda de Gaitas Pontenova.

17:00 h. / Conferencia sobre "O Cultivo do xénero Dendrobium, aproximación xeobotánica. Características climáticas e xeográficas".

19:00 h. / Concerto do dúo musical Lorena e Alejandro.

19:30 h. / 1º Sorteo de Orquídeas entre todos os visitantes á Feira - Exposición Internacional durante este día (a cada persoa so lle entrega un número de cada día para participar no sorteo de 25 orquídeas).

20:00 h. / Peche da Feira - Exposición Internacional.

DOMINGO, 17 DE SETEMBRO

11:00 h. / Apertura da Feira - Exposición Internacional.

12:00 h. / Concerto do dúo musical Lorena e Alejandro.

16:30 h. / Conferencia sobre "O Cultivo do xénero Masdevallia e Dracula en interiores cálidos".

18:00 h. / Concerto do dúo musical Lorena e Alejandro.

18:30 h. / 2º Sorteo de Orquídeas entre todos os visitantes á Feira - Exposición Internacional durante este día (a cada persoa so lle entrega un número de cada día para participar no sorteo de 25 orquídeas).

19:00 h. / Peche da Feira - Exposición Internacional.



Organiza: CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO



CONDADO / PARADANTA

ARBO / CRECENTE

As Neves mellorara as zonas deportivas nas Escolas de Liñares e da Chán en Tortoreos

O Concello das Neves vai reparar os exteriores da escola de Liñares, instalando novos elementos de parque infantil e renovando a pista de deportiva, coa súa limpeza, pintado e colocación de novas porterías e canastas.

Tamén na zona próxima de Tortoreos, na escola da Chán instalaranse elementos de parque biosaludable xunto con bancos.

Segundo Oscar González, Concelleiro de Benestar, con estas dúas obras téntase abordar unha zona moi poboada e chegar aos



diferentes estratos de poboación, a infantil, a mocidade e outros, podendo chegar a persoas

con máis idade que demandan lugares nos que poder exercitarse para manter un bo estado físico.

Rematadas a obras na depuradora de Almuiña

Nos meses de xuño o concello de Arbo, adxudicaba as obras de "Posta en Marcha da Depuradora da Almuiña e abastecemento en ximezo", con un presuposto de execución cifrado en 33.707,15€.

Tales actuacións buscaba a posta en funcionamento da depuradora da Almuiña, así como as reparacións e cambios necesarios o seu óptimo funcionamento.

Foi necesario o desbroce e limpeza do perímetro, que sufriu

varias inundacións, e que debido o abandono nos últimos anos do mantemento da depuradora e limpeza tanto interior como exterior, as avarías necesitaban de varias actuacións no cadro eléctrico, no pozo, no vaciado e no exterior tal e como informa o alcalde. Amais tamén se levou a cabo a instalación de tubaxe de abastecemento en Ximezo, Reguengo – Mourentan.

Carmela Silva visita Crecente

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, foi recibida hoxe por toda a corporación municipal na súa visita institucional ao concello de Crecente. O alcalde, Julio García Luengo agradeceu a Silva a súa visita ao concello despois de manter unha xuntanza de traballo de máis de dúas horas de duración con toda a corporación.

Entre esas ideas baraxadas ao longo do encontro figuran as posibilidades que conteñen as ruínas dun antigo mosteiro "que poderíamos poñer en valor" destacou Silva, e a necesidade de promoción do turismo de toda a comarca polo seu valor medioambiental vinculado ao río Miño.

Neste último aspecto a Presidenta destacou que toda a comarca ten moitas posibilidades turísticas e "tal e como me manifestou o alcalde de Crecente imos traballar con outros concellos da zona para buscar posible puntos de encontro e promoción conxunta".

O concello de Crecente ten recibido ate o día un de setembro 502.345 euros en diversas subvencións dos cales 390.809 euros corresponden a súa asignación anual do Plan Concellos que xa está transferido na súa totalidade. Esta cantidade anual do Plan Concellos supón un 17 por cento máis de subvencións das que se recibían por Crecente co anterior goberno provincial no ano 2015.



Fin do Campamento de verán de Arbo

O pasado 1 de setembro o alcalde de Arbo Horacio Gil, clausuraba, na Piscina Pública de Arbo, xunto coa monitora do campamento, María Puga, O Campamento de Verán 2017, despois de dous meses moi intensos, donde descubriron historias de partes do mundo, desprazáronse a praia e parques da zona, disfrutaron da piscina, recibiron educación vial, traballaron sobre a igualdade, foron de acampada, aprenderon sobre Arbo coa redacción de Arbo unha Viaxe

polo tempo e sobre todo xogaron, visitaron e disfrutaron da biblioteca, pero sobre todo, divertíronse e pasárono ben.

Horacio Gil nos informa que este ano o índice de participantes foi superior o ano pasado, que a valoración polos nenos e familias foi moi boa, e que as veces que tivo oportunidade de compartir algunha xornada cos participantes, foi un momento de alegría, o que o anima a seguir facendo este tipo de actividades, durante outros períodos vacacionais



o remendón

Cerraxería
vivenda·automóbil·chaves

Reparación de calzado

Tlf. 637 764 865
cerrajeroremendon.com
Rúa Rainha Dona Urraca, 20-baixo 3
Salvaterra de Miño

SERVICIO 24 HORAS

PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Arxentina, 11 - Salceda de Caselas
☎ 886 115 548
Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
☎ 986 658 529

WhatsApp: 645 216 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

BIMCA, S.L.

FERRETERÍA Y MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
PAVIMENTOS Y AZULEJOS
PINTURAS, SANEAMIENTOS, ELECTRODOMÉSTICOS

C/ Rosalía de Castro, 99. SALVATERRA de MIÑO
Telf. 986 659 362 - 986 658 514 - Fax 986 658 274
e-mail: bimca@bimca.com www.bimca.com

CONDADO / PARADANTA

MONDARIZ / COVELO

Segunda fase do programa de compostaxe doméstica en Covelo

Nesta segunda fase, a Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) en colaboración co Concello facilitará as persoas ou familias interesadas un total de 25 composteiros, un manual de compostaxe doméstica e un pequeno curso de formación (duración de unha hora) co obxecto de procurar o maior éxito na implantación da experiencia composteira.

Tódolos interesados en participar nesta iniciativa deben residir en vivendas unifamiliares que dispoñan de horta ou xardín, estar empadroados e solicitar a participación nas oficinas do Concello ata o xoves 28 de setembro de 2017. A selección dos 25 participantes que cumplan os requisitos farase por orden de solicitude, quedando os demais inscritos para a seguinte fase do programa.



O venres día 29 de setembro, ás 18:30 h. impartirase o pequeno curso de formación para a correcta técnica de compostaxe e entregaránse os 25 composteiros previstos ás persoas ou familias seleccionadas.

3ª Carreira Popular de Mondariz

Ata o día 13 de setembro estará aberto o prazo de inscrición para participar na III Carreira Popular de Mondariz, proba que organiza a Asociación Deportiva Mondariz coa colaboración do Concello e que se desenvolverá o día 16 de setembro a partir das 17:30 horas.

Para que ninguén quédese sen participar, a organización vén de establecer un total de 10 categorías, sete delas para os menores e tres máis na categoría absoluta. Dado o éxito de participación que esta proba tivo nas anteriores edicións e,

por cuestións organizativas, a participación na categoría absoluta queda limitada a 250 participantes.

O custe da inscrición da categoría absoluta será de 5 euros, mentres que os das categorías menores terán inscrición gratuíta. A organización destinará un euro de cada inscrición, á «Asociación Asfega de Galicia», (Asociación de Fenilcetonuria e outros trastornos metabólicos de Galicia).

As bases ao completo, poden consultarse na web <http://ad-mondariz.org>

ORIENTA-TEA NW
PROBA DE ORIENTACION NOCTURNA
SÁBADO
 23 DE SETEMBRO
 ÁS 20:30 H.
LUGAR: Praia Fluvial do Val Mondariz
PREMIOS PARA OS TRES PRIMEIROS EQUIPOS CLASIFICADOS !!!
 Inscricións: Ata o 20 de setembro.
 Custo: 8€ persoa (equipos de 2 a 5 persoas)
 Información e inscricións: Concello de Mondariz. Tfno. 986664306
comunicacion@concellodemondariz.com - turismo@concellodemondariz.com

16 SETEMBRO 17.30H 2017
3ª CARREIRA POPULAR DE MONDARIZ
 CARREIRA BENEFICA A FAVOR DE ASFEGA
 CATEGORIA MENORES E ABSOLUTA
7 KM
 INSCRIPCIONS EN WWW.CHAMPIONCHIPNORTE.COM E WWW.ADMONDARIZ.ORG
PREMIOS EN METALICO
 100€ AO PRIMEIRO 75€ AO SEGUNDO E 50€ AO TERCEIRO



Tlf.: 986 65 80 18
 Fax: 986 65 82 69
 Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
 Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

LOURIÑA

O PORRIÑO



DOMINGO 10 DE SETEMBRO

Festa da Risca

Ameniza: Asoc. Cultural San Xurxo de Mosende

| Dende ás 11:00 h. | Monte da Risca

| Comunidade de Montes Santa María do Porriño

Merca ná rúa

| Dende ás 11:00 h. | Rúa peonil

DO VENRES 15 DE SETEMBRO AO 9 DE OUTUBRO

Exposición fotográfica "Viaxando"

| Centro Cultural Municipal

SÁBADO 16 DE SETEMBRO

Teatro: Por catro perras. Grupo de Teatro Inestable

| Ás 22:00 h. | Praza Arq. Antonio Palacios

DOMINGO 17 DE SETEMBRO

Festa medieval

| Ás 11:00 h. | Círculo Recreativo e Cultural

MARTES 19 DE SETEMBRO

Concerto musical: Antonio Serrano

| Ás 22:00 h. | Carpa do ROXY

MÉRCORES 20 DE SETEMBRO

Espectáculo de humor: Cándido Pazó

| Ás 20:00 h. | Carpa do ROXY

Concerto musical: Xoana e MQM Band

| Ás 22:00 h. | Carpa do ROXY

XOVES 21 DE SETEMBRO

Concerto musical de acordeóns: Argonat Band

| Ás 22:00 h. | Carpa do ROXY

ACTOS RELIXIOSOS

Novenas na Capela do Cristo

| Dende o día 14 ata o 22 de setembro

| Ás 20:00 h.

Misa e procesión do Santo Cristo da Agonia
Amenizan: Banda de Música de Silleda e Banda de Gaitas Manxadoira de Bueu

| Domingo 24 de setembro

| Ás 12:00 h.

Misa de campaña. Ameniza o Grupo Parroquial

| Luns 25 de setembro | Parque do Cristo

| Ás 12:00 h.

VENRES 22 DE SETEMBRO

O Cristo do Rap. Festival de cultura urbana

| Dende ás 16:00 h. ata ás 20:30 h. | Parque infantil

Teatro: Cachosdesqueches. Cia. Teatro Q2

| Ás 19:00 h. | Carpa do ROXY

Banda de Música de Vincios (1º pase)

| Ás 20:00 h. | Parque do Cristo

Orquestra Miramar (1º pase)

| Ás 21:00 h. | Praza Arq. Antonio Palacios

Concerto: Uxía & Javier Ruibal

| Ás 22:00 h. | Pavillón Municipal dos Deportes

Banda de Música de Vincios (2º pase)

| Ás 22:00 h. | Parque do Cristo

Orquestra Miramar (2º pase)

| Ás 23:00 h. | Praza Arq. Antonio Palacios

D.J. Vía Radio: Adrián, Mesu, Charlie e Diego Mei

| Ás 24:00 h. | Barrio de San Sebastián

SÁBADO 23 DE SETEMBRO

O Cristo do Rap. Festival de cultura urbana

| Dende ás 11:00 ata ás 14:00 h. | Parque infantil

Xigantes e cabezudos, Charanga Vai de baile,
Charanga Cantos Somos e grupo de gaitas da
Asoc. Cultural A Forna de Budiño

| Dende ás 12:00 ata ás 14:00 h. | Animación ná rúa

Cinema infantil: Canta

| Ás 12:00 h. | Carpa do ROXY

Pregón das Festas do Cristo

| Ás 12:30 h. | Praza Arq. Antonio Palacios

Mago Teto

| Ás 17:30 h. | Carpa do ROXY

Xigantes e cabezudos, Charanga Vai de baile,
Charanga Cantos Somos e grupo de gaitas

| Dende ás 18:00 ata ás 20:00 h. | Animación ná rúa

O Cristo do Rap. Festival de cultura urbana

| Dende ás 16:00 ata ás 21:00 h. | Parque infantil

Banda Cultural de Taboadexa (1º pase)

| Ás 20:30 h. | Parque do Cristo

Orquestra Magos (1º pase)

| Ás 21:30 h. | Praza Arq. Antonio Palacios

Banda Cultural de Taboadexa (2º pase)

| Ás 22:30 h. | Parque do Cristo

Concerto musical: Camela

| Ás 23:30 h. | Rúa Domingo Bueno

Orquestra Magos (2º pase)

| Ás 01:00 h. | Praza Arq. Antonio Palacios

O Cristo do Rap. Festival de cultura urbana

| Dende ás 22:00 ata ás 04:00 h. | Barrio de San Sebastián

DOMINGO 24 DE SETEMBRO

Banda de Música de Silleda

| Ao término da procesión | Parque do Cristo

Mago Noel

| Ás 17:30 h. | Carpa do ROXY

Xigantes e cabezudos, Charanga Cantos Somos e
grupo de gaitas

| Dende ás 18:00 ata ás 20:00 h. | Animación ná rúa

Espectáculo familiar: Galiña Azul.

Cia. Tanxariña Títeres

| Ás 19:00 h. | Carpa do ROXY

Banda de Música Agrupación Musical do Rosal

| Ás 19:30 h. | Círculo Recreativo e Cultural

Orquestra Televisión (1º pase)

| Ás 20:30 h. | Praza Arq. Antonio Palacios

Fanfarria Taquicardia. Animación de rúa

| Ás 22:30 h. | Praza Arq. Antonio Palacios

Orquestra Claxon (1º pase)

| Ás 22:30 h. | Barrio de San Sebastián

Orquestra Televisión (2º pase)

| Ás 00:30 h. | Praza Arq. Antonio Palacios

Orquestra Claxon (2º pase)

| Ás 01:30 h. | Barrio de San Sebastián

LUNS 25 DE SETEMBRO

Banda Cultural de Arcade (1º pase)

| Ao término da misa | Parque do Cristo

Obradoiros infantís

| Dende ás 12:00 ata ás 14:00 h. | Carpa do ROXY

| Dende ás 17:30 ata ás 20:30 h. | Carpa do ROXY

Charanga Turres Band

| Dende ás 18:00 ata ás 20:00 h. | Animación na rúa

Banda Cultural de Arcade

| Ás 20:30 h. | Parque do Cristo

América Tributo y Banda de Nash.

Espectáculo musical tributo a Queen

| Ás 21:30 h. | Praza Arq. Antonio Palacios

Banda Cultural de Arcade (2º pase)

| Ás 22:00 h. | Parque do Cristo

XOVES 28 DE SETEMBRO

Concerto de piano: Iván Fernández e Jamira

| Ás 20:30 h. | Círculo Recreativo e Cultural

VENRES 29 DE SETEMBRO

Festival Montando O Cristo. Presentación

| Ás 23:00 h. | Parque do Cristo

SÁBADO 30 DE SETEMBRO

Charanga Anchoa e Gaiteros Asoc. Cultural San Xurxo de Mosende

| Dende ás 12:00 ata ás 14:00 h. | Animación na rúa

Charanga Turres Band, Charanga Anchoa e
Gaiteros Asoc. Cultural San Xurxo de Mosende

| Dende ás 18:00 ata ás 20:00 h. | Animación na rúa

Banda Municipal de Tui

| Ás 20:00 h. | Parque do Cristo

Musical: Mitic, el espectáculo

| Ás 21:30 h. | Praza Arq. Antonio Palacios

Festival Montando o Cristo

| Ás 23:30 h. | Carpa do ROXY

Concerto: Paula Madero, colaboradora de
Levántate y Cárdenas (Europa FM)

| Ás 23:30 h. | Barrio de San Sebastián

DOMINGO 1 DE OUTUBRO

Festa dos Callos. XXIV Edición

| Ás 11:00 h. | Establecementos hostaleiros da vila

Charanga Cantos Somos e Charanga Anchoa

| Dende ás 11:00 ata ás 14:00 h. | Animación na rúa

| Dende ás 18:00 ata ás 21:00 h. | Animación na rúa

Banda Unión Musical de Valladares

| Ás 21:00 h. | Parque do Cristo

Orquestra Alcatraz

| Ás 22:00 h. | Praza Arq. Antonio Palacios



www.ecultura.net

Escanea o código QR e accede a ecultura.net
para consultar posibles modificacións na
programación e información máis detallada.

O PORRIÑO

DEPORTES

Balonmán Femenino

| Mércores 4 de setembro | Pavillón dos deportes

| Ás 20:30 h. > Bm. Porriño - Santa Eulalia (Ibiza)

Balonmán masculino

| Sábado 9 de setembro | Pavillón dos deportes

| Ás 18:00 h. > Bm. Porriño - Bm. Romo (País Vasco)

| Ás 19:45 h. > Teucro - Chapela

| Domingo 10 de setembro | Pavillón dos deportes

| Ás 10:30 h. > 3º e 4º clasificados | Ás 12:15 h. > Final

Patinaxe

| Mércores 13 de setembro | Pavillón dos deportes

| Dende ás 17:00 ata ás 20:00 h.

Fútbol. Torneo Festas do Cristo

| Xoves 14 de setembro | Campos de Atios e Budiño

| Ás 20:30 > Fase previa

| Xoves 21 de setembro | Campo do Lourambal

| Ás 20:00 > 3º e 4º clasificados | Ás 21:30 > Final

| Mércores 13 de setembro | Parque infantil

| Dende ás 18:00 ata ás 20:30 h. > Torneo Fútbol Base

Tenis

| Sábado 16 de setembro | Pistas de tenis municipais

| Dende ás 10:00 ata ás 13:30 h.

Ciclismo

| Sábado 16 de setembro | Pistas de Torneiros

| Ás 16:30 h. > Ciclismo infantil

| Venres 29 de setembro | Pistas de Torneiros

| Ás 20:00 h. > Carreira nocturna Festas do Cristo

| Domingo 1 de outubro | Saída en Praza Arq. Antonio Palacios

| Ás 10:30 h. > Festa da bicicleta. Marcha popular

Kung-Fu

| Martes 19 de setembro | Praza Arq. Antonio Palacios

| Dende ás 18:00 ata ás 20:30 h.

Atletismo

| Venres 29 de setembro | Praza Arq. Antonio Palacios

| Ás 18:00 h. > Milla urbana

Gimnasia rítmica

| Sábado 23 de setembro | Pavillón dos deportes

| Dende ás 9:00 ata ás 14:00 h.

Encontro Internacional de Aeromodelismo

| Sábado 30 de setembro | Pistas de aeromodelismo Pontellas

| Dende ás 16:00 ata ás 20:00 h.

| Domingo 1 de outubro | Pistas de aeromodelismo Pontellas

| Dende ás 10:30 ata ás 14:00 h. e dende ás 16:00 ata ás 18:30 h.

Baloncesto

| Sábado 30 de setembro | Pavillón dos deportes

| Ás 20:00 h. > Triangular

Camela e Uxía & Javier Ruibal nas Festas do Cristo

No longo e variado programa das Festas do Cristo de O Porriño destacan os concertos de Camela, o sábado 23 ás 23:30h. no Parque do Cristo, Uxía e Javier Ruibal, o venres 22 ás 22:00h. no Pavillón dos Deportes, ou o espectáculo Mitic, sábado 30 ás 21:30h. na Praza Antonio Palacios.



Con máis de 7 millóns de discos vendidos ao longo da súa carreira, Camela publica o seu novo álbum "Me metí en tu corazón". O dúo formado por Ángeles Muñoz e Dioni Martín regresan tras publicar o seu último álbum en 2014. O seu novo disco mantén a "esencia Camela" co seu característico son electrónico, próximo e inimitable. Seguindo a liña das portadas temáticas, con este novo disco viaxan a finais dos anos 50 inspirados no musical Grease e nos inesquecibles John Travolta e Olivia Newton-John para en-

fundarse en coiro, coches de época, laca e moita gomina.

Uxía, referente da música galega, e Javier Ruibal, un dos cantautores españois máis destacados, presentan un concerto en formato intimista no que nos convidan a transitar polas sonoridades do flamenco, a música do Magreb e as músicas galegas e lusófonas nunha mestizaxe única. Norte e sur tecendo ritmos e melodías, con composicións propias e ecos de Lorca, Alberti ou Rosalía.

Os dous admíranse mutuamente, teñen unha complicidade que ven de lonxe e posúen en común o rigor e a experimentación, a tradición popular e o compromiso coa súa renovación. Un espectáculo de fusión de músicas e sangues no que estarán acompañados polo virtuoso multi-instrumentista brasileiro Sérgio Tannus.

Uxía, nos seus máis de 30 anos de carreira artística renovou a música tradicional galega conectándoa coas culturas atlánticas, mesturando alalás con morna, fado e ritmos brasileiros. O gaditano Javier Ruibal, considerado un iniciador nos novos movementos do flamenco, con máis de 35 anos de carreira e dez discos no mercado, é un

dos cantautores máis prestixiosos de España. Na súa peculiar mestizaxe musical teñen cabida estilos como o jazz, o flamenco, a música do Magreb ou da India, e unha clara vinculación cos poetas da Xeración do 27, como Rafael Alberti ou Federico García Lorca. Compuxo para Martirio, Ana Belén, Javier Krahe, Mónica Molina, Sara Baras ou Pasión Vega.

Mitic é un proxecto de expansión da gaita, a través dun espectáculo musical único, orixinal e pioneiro, dirixido e producido polos recoñecidos músicos vigueses Álvaro e Suso Costas que será capaz de sorprender e emocionar, especialmente a todos os que non son afeccionados nin á gaita, nin á música celta ou de raíz. Encabezado por unha gaita, que rompe a etiqueta de "tradicional" para converterse no violín de Cándidejas, na guitarra de Brian May ou na voz de Frank Sinatra, e interpretan temas de Beatles, Guns N'Roses, Enio Morricone ou Freddy Mercury.



LOURIÑA

O PORRIÑO

O Concello elimina 3300 raíñas fundadoras de vespa velutina coas súas trampas

A profesora María do Carmen Seijo, profesora titular de Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo, responsábel da liña de traballo relacionado co seguimento e control da expansión da Vespa Velutina, vén de agradecer ao Concello do Porriño e, en concreto á Concellería de Medio Ambiente, dirixida por Marcelino Coro, “a súa colaboración no trampeo e mostraxe de primavera desta especie invasora, xa que permite reducir a poboación de raíñas encargadas da creación de novos niños, e polo tanto da expansión da especie”.

A devandita campaña de trampeo, que abrangueu dende o mes de marzo ate mediados de maio, consistiu na colocación de 200 trampas con dous atraentes específicos diferentes, “logo da primeira quincena, na que optouse só polo atraínte que amosara maior eficacia”.

Ao final da campaña, sinala Marcelino Coto, dacordo cos datos de Viveiros Adoa, empresa encargada polo Concello para



levar adiante a mesma, o número total de exemplares deste insecto eliminados foi de 3.800, “o 85% deles raíñas fundadoras”, aproximadamente unas 3.300, exemplares que foron enviados, para o seu estudo, á Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo.

O concelleiro de Medio Ambiente lembra que as trampas, que se situaron en todas as parroquias do Porriño, e que se renovaban cada 15 días, tiñan

coma primeiro obxectivo, tal e como anunciara ao inicio da campaña, “a captura das raíñas fundadoras dos niños xusto ao inicio da primavera, época na que a Vespa Velutina é máis prolífica” e, neste eido, o resultado é “moi satisfactorio”, o cal non quere dicir que se baixe a garda, senón ao contrario, “seguiremos insistindo e traballando para reducir a influencia e o impacto desta especie invasora”.

Melloras no saneamento de Pontellas

A Concellería de Vías e Obras empezou hai tres semanas, con medios propios, os traballos de saneamento que dará servizo a 20 vivendas dos barrios de O Corzón, A Arrotea e A Lameira, na parroquia de Pontellas, e que conta cun orzamento duns 30.000€

Segundo subliña Manuel Carrera, o prazo de remate das obras, que contarán con operarios da Deputación de Pontevedra, será de 2 meses e, á marxe da labor de saneamento

tamén acometerase o ancheamento e asfaltado de estradas e camiños destas bisbarras, parte do cal correrá a carga da Consellería do Medio Rural do Goberno de Galicia.

Antes da realización do asfaltado, sinala o concelleiro de Vías e Obras, realizarase o cambio de mangueras das traídas veciñais e, logo de que remate o proxecto que está a elaborar a Deputación de Pontevedra, farase a conexión definitiva a Rede Xeral de Saneamento.



Manifesto da Corporación de O Porriño no aniversario do accidente do Tren Celta Vigo-Porto

Hai un ano, o venres 9 de setembro de 2017 ás 09:25 horas da mañá, o tren Celta Vigo-Porto descarrilou ao seu paso polo centro do Porriño.

No tren viaxaban un maquinista de Comboios de Portugal, un interventor de Renfe e un total de 63 viaxeiros que partiran de Vigo. Ao chegar á estación do Porriño o tren descarrilou e saíu da vía.

A consecuencia do accidente faleceron catro persoas e 47 pasaxeiros sufriron feridas de diversa consideración.

Hoxe, os veciños e veciñas do Porriño, xunto a cidadáns e autoridades de localidades da comarca, reunímonos á beira das vías do tren, para lembrar a José Arnaldo Moreira, maquinista de 45 anos, veciño de Barroselas, Portugal; Miguel Veiga, interventor de 55 anos, veciño de Vigo; Joaquín Rodríguez, tamén vigués de 23 anos, estudante na escola de maquinistas, coñecido xogador de balonmán; e un cidadán norteamericano cuxa identidade non foi facilitada, que viron trun-

casas as súas vidas hai un ano no descarrilamento do tren.

Tampouco queremos esquecer aos cidadáns de case unha ducia de nacionalidades que resultaron feridos de diversa consideración; os de orixe española, de Portugal, Reino Unido, Alemaña, Italia, EEUU, Brasil, Uruguai, Arxentina, Chile, e Corea.

Estamos aquí na súa memoria, para que non caian no esquecemento, en solidariedade coa dor dos seus familiares e amigos. Estamos aquí para que o sufrimento causado non sexa en balde.

Os resultados preliminares da investigación do accidente recoñecen, entre outras circunstancias, que o tren circulaba con exceso de velocidade aínda que haberá que esperar ás conclusións definitivas dos técnicos.

Sabemos que os accidentes adoitan resultar da fatal confluencia de varios factores. No Porriño, o trazado das vías do tren polo centro urbano, un paso a nivel nun cruzamento polo que transitan diaria-

mente miles de veciños e veciñas, e edificios a escasos metros, esixen por sentido común que se extremen ás medidas de seguridade para evitar unha traxedia mentres non se elimine o paso do tren polo centro urbano.

A un ano do accidente instaláronse sistemas de freado dixital na maioría dos trens da liña Vigo-Porto. Pero os veciños e veciñas do Porriño seguimos expostos a fallos nas barreiras do paso a nivel, semáforos que non funcionan e trens que volven pasar cunha velocidade que supera o 100 km hora.

Por José Arnaldo, por Miguel, por Joaquín, por todas as vítimas, polos miles de cidadáns que cada día cruzan o paso a nivel, viven ou traballan na proximidade das vías do tren esiximos que se extremen ás medidas de seguridade no paso dos trens polo centro urbano.



O Porriño aposta polo tren como medio de transporte público e eficiente. Queremos un tren moderno, seguro e con horarios e frecuencias que dean servizo aos nosos cidadáns. Queremos que o tren se converta nunha solución que achegue calidade de vida aos nosos veciños, non nun motivo de preocupación.

Por José Arnaldo, por Miguel, por Joaquín, por todas as vítimas provocadas polo tren ao seu paso polo centro do Porriño estaremos aquí cada 9 de setembro lembrándoas e sen esquecer a nosa lexítima e histórica reivindicación.

Preto de 80 actos, actividades, actuacións ou probas deportivas, nas Festas do Cristo 2017

Preto de 80 actos, propostas, actividades, actuacións ou competicións deportivas, están previstas durante a duración das Festas do Cristo deste ano que abrangue máis aló dos días centrais das mesmas chegando ata o vindeiro 1 de outubro, data na que está prevista a celebración do Encontro Internacional de Aeromodelismo, por suposto en Pontellas.

Segundo salientou este martes a alcaldesa, Eva García de la Torre, na presentación do programa, as Festas do Cristo 2017 queren “chegar a todas as veciñas e veciños e atender a diferentes sensibilidades e os gustos”, co único obxectivo de que os asistentes ás mesmas pasen unhas horas de lecer.

Acompañada por representantes de 'Montando O Cristo', 'O Cristo do Rap' e a cantante local Xoana, que terán un importante papel nas propostas desta edición das Festas, a alcaldesa subliñou que nas mesmas haberá exposicións, teatro, concertos coma os de Antonio Serrano, Ar-



gonad Band, Xoana e MQM Band, Uxía & Javier Ruibal ou Camela; pasando por DJ, bandas de música coma as de Vincios, a Agrupación Musical do Rosal, A Cultural de Arcade ou a Unión Musical de Valladares., charan-

gas, unha Festa Medieval, orquestras, espectáculos de humor, coma o que protagonizará Cándido Pazo, espectáculos para cativos, xigantes e cabezudos, o Festival da Cultura Urbana 'O Cristo do Rap', o Festival de Rock

'Montando o Cristo' e os actos relixiosos dende o día 22, co punto central ca Procesión do Santo Cristo da Agonía o día 24.

García de la Torre salientou a importancia do deporte, “con maiúsculas”, nas Festas do Cristo

deste ano, con encontros de Balonmán, feminino e masculino, Patinaxe, Fútbol, co Torneo Festas do Cristo, Tenis, Kung-Fu, Atletismo, Gimnasia Rítmica, Baloncesto, Aeromodelismo ou Ciclismo.

En relación con esta última disciplina, a alcaldesa quixo acabar con todas as dúbidas e comentarios xurdidos nos últimos días e subliñou que “disputáranse todas as probas e concentracións tradicionais”: o sábado, día 16, ás 4 e media da tarde, nas Pistas de Torneiros, 'Ciclismo Infantil'; o venres día 29, no mesmo lugar, ás 8 da tarde, a 'Carreira Nocturna Festas do Cristo' e o domingo 1 de outubro, con saída ás 10 e media dende a Praza de Antonio Palacios, a 'Festa da Bicicleta. Marcha popular'.

A rexedora, logo de insistir en que as Festas do Cristo “queren integrar a todo o mundo”, repetiu que “son para que todos bailemos, para que esteamos en moitos lugares, para que non paremos, para que nos movamos e para que o pasemos ben”.

A Policía Local vixiará a limpeza

As concellerías de Seguridade e Limpeza veñen de iniciar unha Campaña de Sensibilización e Concienciación Ambiental que abrangue, ademais, o coñecemento dos espazos públicos, tanto no casco urbano coma nas parroquias, sublimando a importancia da separación selectiva dos residuos.

O obxectivo é o de promover e potenciar o valor e a necesidade social da reciclaxe, potenciando o papel activo das veciñas e veciños, facilitándolles, dende o Concello, a súa colaboración coa finalidade de mellorar a separación do lixo, xa na casa, así coma o correcto verquido dos refugalllos orgánicos que será, obrigatoriamente, en bolsas que teñen que deixarse nos colectores que o Concello ten para elo.

Ademais, como xa anunciara o concelleiro de Lim-

peza, Orlando Márquez, co gallo da colocación de parte das novas papeleiras en diferentes partes do Porriño, a Policía Local está a realizar xa unha especial vixilancia da recollida por parte dos seus donos dos excrementos que os cans deixen nas rúas.

Neste eido, o novo xefe da Policía Local, Daniel Ro-



dríguez subliña que a propia Ordenanza Municipal Reguladora da Convivencia Cidadá, Limpeza de Vías Públicas e Recollida de Residuos “contempla sancións de ata 1.500€ polo seu in-

cumprimento”.


O novo xefe da Policía Local, logo de que se repetisen os casos de aparición fora dos lugares sinalados ou en días e horas que non son os regulamentados de desproveitos voluminosos, lembra que para a súa recollida “é preciso avisar ao Concello, fixando o día e a hora para que se faga a retirada, atopándose o Punto Limpo habilitado no Polígono da Granxa, de luns a venres, en horario de mañá”.

Tamén no caso de que se deixen estes refugalllos voluminosos, coma mobles, restos de obras e sobrantes de materiais de construción ou electrodomésticos, fora dos lugares indicados, ou en horarios que non foran pechados co servizo municipal de Limpeza, os axentes da Policía Local procederán a realizar a correspondente denuncia.

Exposición fotográfica "Viaxando", no Centro Cultural

Dende o venres 15 de setembro, e ata o vindeiro 9 de outubro, como parte das actividades da programación das 'Festas do Cristo 2017', poderá visitarse na OMIX do Concello-situada na planta baixa do Centro Cultural Municipal-, a exposición de fotografía “Viaxando” que amosa os traballos presentados ao Premio de fotografía do mesmo nome.

Este Certame, conxuntamente coa exposición itinerante, está organizado por noveno ano consecutivo polas Oficinas de Información Xuvenil (OMIX) dos concellos do O Porriño



, O Rosal, Tomiño, A Guarda, Baiona, Salceda de Caselas, Gondomar e o Espazo Xove de Tui dentro do traballo en rede que veñen realizando anos atrás.

Este ano participaron un total de 20 artistas de idades comprendidas entre os 12 a 30 anos e a foto gañadora foi 'La Frontera entre el cielo y la tierra', da guardesa Cristina Araujo.

LOURIÑA

O PORRIÑO

Costeira-Mosende conéctase á rede de saneamento

A concellería de Vías e Obras, que dirixe Manuel Carrera, ven de iniciar traballos de asfaltado e de conexión á rede de saneamento no barrio da Costeira-Mosende, cun orzamento de 60.440€, con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

O concelleiro subliña que “na Costeira era necesario realizar un asfaltado urxente das vías e decidiuse dotar, previamente, ás casas da zona do servizo de saneamento”.

Cando finalicen as obras, nun prazo aproximado dun mes e medio, 15 familias poderán conectarse directamente aos co-

lectores do Consorcio do Louro. Pola súa banda, indica Manuel Carrera, a mellora das estradas suporá a renovación de 2.000 metros cadrados de asfalto, ademais do pintado e sinalización vertical dos mesmos.

Hai que lembrar que so no último mes, a concellería de Vías e Obras puxo en marcha, con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, o labor de conexión á rede de saneamento na Costeira-Mosende, Albarín-Atios e A Pereira-Contrasto, “que permitirán que un total de 75 vivendas estean unidas á rede municipal”.



Aberto o prazo de inscrición para os Cursos de Accións Formativas para persoas desempregadas no Porriño

Logo de 2 anos de ‘seca’, sen concesión algunha de accións formativas para o concello do Porriño, “aínda sabendo a importancia das mesmas para as persoas que están sen traballo”, finalmente a Concellería de Emprego e Formación, que dirixe Soledad Girón, ven de conquistar da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Goberno de Galicia tres cursos AFD (Accións Formativas para Persoas Desempregadas), cunha subvención de 96.174€.

Soledad Girón lembra que O Porriño é un concello de 20.000 habitantes cunha taxa de paro que foi baixando nos dous últimos anos do 26,3%-porcentaxe no que estaba cando o actual Goberno local tomara posesión- ao 18,2%-ao peche de agosto: máis dun 8% en total, grazas á posta en marcha de distintos programas formativos, impulsados e financiados polo propio Concello, e os acordos asinados con representantes do mundo empresarial, coma “Porriño Accede”, os plans de emprego co-financiados coa Deputación de Pontevedra e, “agora mesmo, pendentes da



concesión do PIEM (Plan Integral de Emprego para Mulleres), plan no que temos posto gran entusiasmo, investindo tempo e recursos, máis de 100.000€ se finalmente se nos concedese”.

Os cursos impartidos polo Concello do Porriño serán: Servizos de Restaurante (HOTRO608), de nivel 2; Operacións Básicas de Restaurante e Bar (HOTRO208), de nivel 1 e, finalmente, Operacións Básicas de Cociña (HOTRO108), tamén de nivel 1.

Dende a Concellería de Emprego e Formación lémbrese ás veciñas e veciños que xa está aberto o prazo de inscrición, que

o lugar para cumprimentar a mesma é a Oficina de Emprego do Porriño e que o único curso que esixe un nivel de estudos mínimo –ESO ou similar- é o de Servizos de Restaurante, que é do nivel 2.

Por último, Soledad Girón subliña que impulsar medidas para reducir o desemprego “non é só labor do Goberno local do Porriño o é, especialmente, da Xunta de Galicia, que ten competencia para elo, e as dúas administracións temos o deber e a obriga de entendernos, á marxe de posturas políticas diferentes pois cando gobernamos facémolo para os cidadáns”.

Gracias





Arbo



Ponteareas

SALCEDA / MOS



Ventos do Val actuou en Santander

A Coral Polifónica Ventos do Val, da mosense parroquia de Petelos, participou o 2 de setembro en Santander no VI Ciclo Coral Verán Musical 2017. O concerto de Ventos do Val incluído neste ciclo realizouse na Igrexa San Vicente da Maza de Guriezo, xunto

coa Coral Polifónica Santa María de Cueto (Santander) e a Coral Zofoak Abesbatza de Getxo (Bizcaia).

O concerto que Ventos do Val ofreceu en Santander estivo composto de cancións galegas, habaneiras, xotas, boleros, zarzuelas, e cancións mariñeiras.

V Ruta Pincho Folk en Salceda

Tralo enorme éxito acadado os anos anteriores, O Alcalde, Marcos Besada, xunto coas Concelleiras de Comercio e Cultura do Concello de Salceda, Loli Castiñeira e Tere Pérez, acompañadas dunha representación dos hosteleiros da vila, veñen de presentar a V Ruta Pincho Folk, que se vai celebrar durante os venres e sábados do 8 ao 30 de setembro (ambos incluídos). Un total de 20 establecementos van participar na ruta, repartidos en dúas rutas: venres e sábados. Nos locais serviránse pinchos ao prezo de 1 € en horario de 20:00 a 23:59.

A ruta de pinchos conta co engadido do folk, quedando aberta a participación a todos aqueles gaiteiros, pandeireiteiros ou músicos en xeral que desexen asistir e pasar unas boas noites de foliada acompañados coa mellor gastronomía.



Os 20 locais lucen xa un distintivo nas súas fachadas, que os sinala como establecementos participantes no Pincho Folk, diferenciando así mesmo entre a ruta dos venres e a ruta dos sábados.

Os/as clientes que degusten os pinchos de tódolos locais entrarán no sorteo de premios como circuitos termais, lotes de produtos ou

cheques en efectivo. Para elo terán que recoller as tarxetas de participación nos establecementos hosteleiros e ir cubríndoa con en cada un dos locais visitados. Tamén os/as hosteleiros/as optarán aos seus propios premios eleixidos pola clientela: Premio ó mellor pincho e premio á/ó mellor hosteleira/o.



CONFITERIA
Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables
coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Pontareas

986 640 834

BAIXO MIÑO

TUI / TOMIÑO

A colocación de carteis, anuncios e outros elementos fóra dos lugares establecidos será sancionada con multas de entre 200 e 800€

A colocación de carteis, bandeirolas, rótulos, adhesivos ou outros elementos publicitarios en mobiliario urbano, nos parabrisas ou outros puntos de coches e en calquera outro punto fóra dos lugares establecidos está prohibido tal e coma recolle a Ordenanza Reguladora de Ornato e Limpeza Viaria. A colocación de carteis fóra dos lugares permitidos está considerado coma infracción leve, e o pegado de elementos publicitarios no mobiliario urbano coma infracción moi grave, polo que estes feitos poderán ser sancionados con multas que oscilan entre os 200€ e os 800€ coma sinala a ordenanza municipal.

A sanción recaerá sobre a



empresa ou particular que se publicite ou apareza no citado anuncio. Dende o Concello de Tui realizase este recordatorio ante a aparición nos últimos

días de gran número de carteis en mobiliario urbano, algo que está prohibido e poderá ser sancionado de acordo a esta ordenanza.

Tui conta cunha nova senda sinalizada de dez quilómetros

A senda da Pedra Santa, cunha lonxitude de 9.995 metros, súmase á rede de sendeiros cos que conta o concello de Tui debidamente sinalizados e identificados. O Concello de Tui vén de colocar nos últimos días os carteis explicativos do percorrido e de limpar un pequeno tramo do mesmo logo de que o club Andatui levase a cabo a súa sinalización en branco e verde, por tratarse dunha senda local de menos de 10 quilómetros de acordo as marcas federativas.

Trátase dunha senda circular que ten o seu principal acceso xunto á ponte sobre o río Louro na Veiga, en pleno Camiño de Santiago. Parte do seu traxecto coincide co do propio camiño portugués, pasando por lugares coma a capela da Virxe do Camiño ou a Ponte das Febres. Pero tamén transcorre polo pontillón do Louro e o Lagartón, enlazando coa senda que foi tamén habilitada este verán.

A senda toma o seu nome do seu paso pola Pedra Santa, un penedo do que a lenda di



que saíu a imaxe da Virxe do Camiño. Precisamente nos carteis colocados recóllese esa lenda en galego, castelán e inglés.

Roteiro "Aloia Máxico, Mítico e Lendario" en Tui



O sábado 16 de setembro terá lugar en Tui o roteiro "Aloia Máxico, Mítico e Lendario", que forma parte dos Roteiros Literarios iniciativa do Servizo de Cultura e Lingua da Deputación de Pontevedra e da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega.

O obxectivo é ofrecer unha dobre visión, literaria e paisaxística, dos lugares nos que se desenvolven, tendo especial importancia no caso do Monte Aloia as lendas e a sabedoría popular.

A escritora Marta Dacosta resaltou que dende a AELG hai tempo que levan a cabo propostas semellantes para ampliar o coñecemento sobre os escritores e escritoras en lingua galega e como ferramenta de normalización lingüística. Amais explicou que nos roteiros propostos hai sempre un espazo protagonista e están centrados nun autor ou obra, neste caso o encargado de guiar o roteiro será Víctor Vaqueiro, do que Marta Dacosta apuntaba que ten escrito unha guía sobre o Aloia Máxico.

Os roteiros son de balde, pero cómpre realizar unha inscrición

previa. Os interesados en participar na proposta deste sábado deben contactar co Concello de Tui no 986 60 36 25. Hai dispoñible un total de 50 prazas, das que 44 estaban xa ocupadas o día da presentación. Crearase amais unha lista de agarda de cubrirense todas as prazas, por se se produciran baixas.

O roteiro comezará este sábado, 16 de setembro, ás 11.30h no aparcamento do Parque Natural do Monte Aloia preto das antenas, sendo guiado polo escritor Vitor Vaqueiro. Discorrerá pola capela de San Xián e o seu espazo adxacente, para baixar na procura da muralla, e visitar dous miradoiros, o do enxeñeiro Areses e o do castelo. Tamén inclúe a Cruz do Aloia que conmemorou o ano santo de 1900, que ofrece unha panorámica sobre o Baixo Miño e, finalmente a cama de San Xián, para terminar no mesmo punto que o do comezo. O percorrido relacionará as crenzas que relativas ao culto aos montes, os corpos santos, ou os santos hidróforos, así como os rituais levados a cabo en certos lugares do monte que teñen que ver coa pedra do sol e a pedra da auga.

A Garda Civil descobre unha plantación de marihuana en Tomiño

A Garda Civil incautouse dunha plantación de marihuana, localizada na parroquia tomiñesa de Currás e investiga ao seu propietario de 49 anos, como autor dun presunto delito contra a saúde pública.

O Equipo de Investigación da Garda Civil de Tui, en colaboración cos efectivos do Posto de Tomiño, procedeu o pasado luns 11 á aprehensión dun total de 14 plantas de marihuana, que foron

localizadas polos axentes nun terreiro contiguo ao domicilio da persoa investigada.

Dáse a circunstancia de que o ano pasado, nestas mesmas datas, a Garda Civil había intervido 41 plantas de marihuana, en leste mesmo lugar e á mesma persoa, á que se lle volve a investigar, acusado novamente dun presunto delito contra a saúde pública, na súa modalidade de cultivo de estupefacientes.

Do mesmo xeito que ocorreu hai un ano, as sospeitas de que esta persoa podería ter este ano un novo cultivo de marihuana despegáronse desde o aire aproveitando un dos servizos rutineiros que veñen realizando na provincia co apoio do helicóptero da Garda Civil, con base na Coruña.

As dilixencias instruídas foron entregadas no Xulgado de Instrución de garda de Tui, onde deberá comparecer o investigado.



A Deputación de Pontevedra dá por iniciado o prazo para o concurso de ideas para a construción da ponte peonil que unirá Tomiño e Cerveira

Desde o 25 de agosto, e ata o vindeiro 23 de outubro permanecerá aberto o prazo para participar no concurso de ideas para a selección de tres propostas para a construción dunha ponte para peóns e bicicletas sobre o río Miño. Así o estipula o anuncio publicado hoxe no BOPPO e co que se dá continuidade ao traballo iniciado entre Deputación de Pontevedra, Concello de Tomiño e Cámara de Vila Nova da Cerveira coa sinatura dun protocolo de colaboración no mes de xullo do pasado ano, no que se establecía que lle correspondía ao ente provincial a convocatoria deste concurso de ideas.

Segundo as bases publicadas, o obxecto do concurso é seleccionar, con intervención de xurado, as tres mellores propostas de estudo técnico para a futura construción dunha ponte internacional para peóns e bicicletas sobre o río Miño, entre os parques Espazo Fortaleza, en Goián-Tomiño, e o Castelhino, en Vila Nova da Cerveira. Cada unha das propostas gañadoras recibirá unha prima de participación de 9.000 euros. Posteriormente, as tres propostas gañadoras serán convidadas a participar na segunda fase, que consistirá nun

procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de redacción do anteproxecto da ponte.

Poderán concorrer a esta convocatoria as empresas e profesionais, individualmente ou en equipo e coa habilitación empresarial e profesional requirida nas bases. Debido á complexidade e importancia do proxecto, esíxense uns requisitos mínimos de solvencia para garantir a viabilidade e o éxito das propostas e que os concursantes teñan un amplo de grao de coñecemento, capacitación e unha traxectoria profesional no campo do deseño estrutural e no desenvolvemento de pontes ou pasarelas singulares. Ademais todos os traballos deberán presentarse baixo lema para garantir o anonimato das propostas ata o fallo do xurado.

Entre os criterios de valoración destaca a calidade formal da proposta, na que se terá en conta a súa orixinalidade e calidade plástica, atendendo á premisa de que a ponte peonil constitúa un novo referente na paisaxe e que ao mesmo tempo sexa representativa da irmandade entre os pobos das dúas beiras do río.

Outros criterios a ter en conta son a adecuación funcional, relativa a aspectos como a mini-



mización das afeccións ás condicións de navegabilidade do río e a integración nas redes viarias e espazos públicos de ambas bandas do río; a integración ambiental, que debe atender ao respecto e integración paisaxística e natural de ribeira, e aos elementos patrimoniais e históricos da contorna; e tamén a viabilidade técnica e construtiva da solución proposta. Outro criterio fundamental será a viabilidade económica da solución proposta, que non debe superar os 3.400.000 euros.

Este concurso de ideas enmárcase no proxecto europeo "Visit Rio Miño" que ten como obxectivo xeral a capitalización da marca "Rio Minho" a través de actividades transfronteirizas de

preservación, cualificación e valorización ambiental dos recursos asociados á promoción do Río Miño como destino eco turístico. Dentro deste proxecto contéplase a acción denominada "Centro de atractividade de fluxos transfronteirizos: Parque Transfronteirizo Castelhino-Fortaleza, para ser executada entre a Cámara de Vilanova de Cerveira e a Deputación de Pontevedra". Unha acción que comezara a perfilarse no pasado ano, coa sinatura do protocolo de colaboración entre Deputación, Concello de Tomiño e Cámara de Vila Nova de Cerveira, co obxectivo de iniciar os trámites para a futura construción da que será a primeira ponte peonil entre as beiras portuguesa e pontevedra do Miño. Tal e como xa se anunciara naquel momento, esta ponte permitirá unir as áreas recreativas dos dous países creando un parque transfronteirizo de xestión común cunha superficie de 100.000 metros cadrados, ademais de permitir a comunicación directa entre os dous núcleos urbanos, Goián-Tomiño e Vila Nova de Cerveira, incrementando as relacións sociais, culturais e comerciais existentes historicamente. Tamén permitirá nun futuro o acceso de veciños e veciñas de Tomiño e de O Rosal á comunicación metropolitana e eurorrexional por ferrocarril desde a estación de Vila Nova de Cerveira á liña ferroviaria Porto-Vigo, actualmente en proceso de modernización.

O Programa "Cos Pés na Terra" da Escola Eu Rural comezou o seu itinerario informativo e demostrativo.

Tras o acto de presentación do pasado 8 de agosto no Concello de Tomiño, o programa formativo "Cos pés na terra" inaugurouse na última semana do mes de agosto coa primeira actividade do seu calendario, "Enxertos en plantas de verán", para a que as prazas de inscrición se esgotaron rapidamente. Este primeiro curso desenvolveuse entre o Salón de Plenos do Concello de Tomiño e Viveiros Nilo, onde ten lugar a parte práctica.

Ao longo do que resta de ano e do primeiro trimestre do 2018, a ADR irá desenvolvendo o seu itinerario formativo con actividades e accións relacionadas co ám-

bito agrícola, forestal e agroalimentario. Entre as materias tratadas destacan por exemplo a preparación de solos e podas para especies froiteiras atlánticas, o control de pragas en cultivos, o uso eficiente da auga ou os enxertos en plantas de inverno. Buscando a promoción da actividade económica agrícola, estudáranse tamén ferramentas útiles para o emprendemento e nocións básicas de networking sobre vendas.

A maiores de todas estas accións teórico-prácticas, a programación complétase cunha visita a Asturias, onde as persoas participantes poderán coñecer de primeira man a xestión das especies

froiteiras na Comunidade veciña.

Coa creación da "Escola Eu Rural", a entidade asociativa busca xerar unha ferramenta que permita dirixir e orientar accións e actividades de índole formativa para o desenvolvemento e a impulso do medio rural, onde se encastra o percorrido formativo "Cos pés na terra".

Todas as accións terán lugar grazas á promoción da ADR MAIV – Baixo Miño e á financiación ao 75% polo FEADER dentro do Marco do PDR de Galicia 2014 – 2020, e contan coa colaboración do Concello de Tomiño e a entidade ACUBAM. "Cos pés na terra" é un Programa que persigue fomentar o desenvolvemento



do medio rural por medio da información e da sensibilización en materia agrícola, e está dirixido a tódalas persoas interesadas do

territorio que poden facer as súas pre-inscricións a través da páxina web da ADR Eu Rural, www.eurural.org.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Pro-Monte apraza novamente a votación sobre a disolución e pedirá un informe xurídico á Xunta

A Xunta Directiva da Sociedade Pro-Monte Santa Trega continuou na tarde deste luns coa Xunta Extraordinaria comezada o pasado xoves 10 de agosto convocada polo presidente en funcións, Antonio Martínez, co obxectivo de decidir sobre o destino da institución e o seu patrimonio.

Amais do presidente, asistiron á reunión na Casa Parroquial o tesoureiro Manuel Martín Goyás, o vicesecretario Miguel Sobrino e os vogais Florentina Andrés Álvarez e Jesús García Villadóniga.

Nova cancelación da votación

Ao comezo da sesión e tras facer entrega aos membros da Directiva dos documentos da institución, tal e como se tiña acordado na sesión do pasado luns 21 de agosto, Antonio Martínez expresou a súa clara vontade de realizar nesta terceira convocatoria a votación sobre a disolución, en cumprimento do obxectivo para o que se tiñan convocado.

Para o mantemento da súa postura, o presidente en funcións basease, segundo explicou, no informe xurídico elaborado pola Deputación de Pontevedra, se-



gundo o cal ante a ausencia de socios en activo corresponde á Xunta Directiva decidir sobre o futuro da sociedade.

Engadiu, como fundamentos legais que “ampan” a súa posición, un novo informe xurídico elaborado polo avogado do Concello da Guarda no que, en interpretación do establecido no Código Civil e a Disposición Transitoria Primeira da Lei Orgánica 1/2002, a ausencia de pagos das cotas dos socios durante máis de tres décadas implicaría unha xustificación legal suficiente para a disolución da institución, por inactividade da mesma e/ou por

terse alcanzado os fins para os que foi creada.

A pesar dos informes xurídicos presentados, Miguel Sobrino propuxo solicitar un novo informe á “entidade da Xunta que vela por estas cuestións”, segundo afirmou o vicesecretario.

Dadas as discrepancias entre os membros da Directiva, a votación sobre a disolución da Sociedade Pro-Monte Santa Trega quedou novamente suspendida nesta terceira convocatoria, quedando pendente o establecemento dunha nova data de reunión unha vez se obteña o devandito informe da Xunta de Galicia.

A Policía Local da Guarda vixiará e regulará o aparcamento na rúa do Porto

O Concello da Guarda leva anos reclamando un acordo co ente público Portos de Galicia co fin de facultar á Policía Local para que esta poda actuar na zona portuaria non restrinxida, impedindo o estacionamento irregular.

Fai un ano, o único que se conseguiu foi unha proposta de convenio por parte de Portos de Galicia que supoñía a asunción dunhas condicións dificilmente asumibles polo Concello xa que, entre outras cousas, propoñía que a Policía Local da Guarda remitise as denuncias á entidade autonómica para que esta se fixera cargo da súa tramitación. Isto, de feito, implicaba que a Policía Local estivera traballando para Portos de Galicia.

Vista unha sentenza contra

a autoridade portuaria na que se recoñecía á Policía Local como competente para actuar nas vías de acceso libre aínda cando estas sexan competencia de Portos de Galicia, dende o Concello solicitouse o estudo do caso particular da Guarda.

As conclusións de base legal indican que o Concello e a súa Policía Local teñen autoridade para regular, ordenar, vixiar, sancionar e denunciar nos temas relativos ao tráfico e á seguridade viaria nas vías urbanas competencia da entidade pública. É por isto que informamos de que a partir de agora a Policía Local realizará labores de vixilancia e información para evitar as infraccións de tráfico, regulará o aparcamento e mellorará a seguridade viaria no porto da Guarda.



Aberta a inscrición para as actividades deportivas para adultos

A Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) abriu o prazo de inscrición nas actividades anuais de aeróbic, pilates e multiximnasia, dirixidas principalmente á poboación adulta. Os horarios

previstos das actividades son: Aeróbic: martes e xoves de 20:30 a 21:30 horas; Pilates: martes e xoves de 19:00 a 20:00 horas e Multiximnasia: luns e mércores de 11:00 a 12:00 horas.

Os prezos mensuais son de 20

euros para aeróbic, 22 euros para multiximnasia e para pilates, 28,50 euros.

Para inscribirse, as persoas interesadas deberán dirixirse á OMIX da Guarda no seu horario de 8:00 a 15:00 horas, chamando ao teléfono 986 614 546, ou ben a través de correo electrónico, dirixindo a súa solicitude a información@aguarda.es.

forjados hnos. duran s.l.

ISO 9001
BUREAU VERITAS
Certification

Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribarteme, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

Teléf. 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
<http://www.forjadosduran.com>

kidea
agasallos personalizados

Tel. 986 659 430
Rúa Rosalía de Castro, 107
SALVATERRA DE MIÑO

Abzi
PUBLICIDAD

arte na publicidade

O Concello e a Axencia de Turismo de Galicia asinan o convenio para a construción da Porta do Trega

A directora da Axencia de Turismo de Galicia, Nava Castro, e o alcalde do Concello da Guarda, Antonio Lomba, asinaron esta mañá o convenio para o proxecto de construción dunha área de información e control ao Monte Santa Trega, denominado Porta do Trega.

O Concello recibirá unha contía total de 200.000 euros para acometer as obras de mellora do punto de control de visitantes, a construción dun novo punto de

información e unha zona de servizos, ademais da modificación das vías de entrada.

O proxecto toma o nome da similitude estética da obra cunha porta de acceso ao monte, dentro da cal se incluírán as áreas de información, recepción e servizos. Neste sentido, Nava Castro destacou a necesidade do proxecto, considerado como "prioritario" pola Axencia de Turismo de Galicia, por ser "unha forma de promoción" coa que se dota dunha

mellor recepción aos milleiros de visitantes que cada ano se achegan a este emblemático destino turístico.

O alcalde da Guarda, pola súa parte, quixo destacar a importancia "tamén de cara ao futuro" das melloras que se pretenden co proxecto, de xeito que estas obras sirvan tamén como base para a optimización da xestión do Monte Santa Trega nos próximos anos.

O custo total do proxecto as-



cende a 220.000 euros, dos cales o Concello da Guarda asumirá 20.000€. Preténdese que a obra estea completada o próximo

verán, sempre e cando se consiga o necesario permiso da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Dende comezos da lexislatura no ano 2015, véñense mantendo xuntanzas entre o Concello da Guarda, o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e a Consellería de Política Social nas que o alcalde da localidade, Antonio Lomba, reclama á inclusión da escola infantil municipal na rede de escolas infantís Galiña Azul xestionadas polo Consorcio, así como o aumento de prazas para nenas e nenos de entre 0 e 3 anos.

Dende o Concello, a instancia do Conselleiro, estudáronse dúas opcións para a ampliación das prazas dispoñibles na nosa localidade: a ampliación da escola infantil xa existente ou ben a construción dunha nova escola, habilitando o edificio das antigas

A Xunta comprométese a cofinanciar a construción dunha nova escola infantil



vivendas do colexio Manuel Rodríguez Sinde. Tanto dende o punto de vista técnico como económico, o goberno local considera como mellor proposta a construción dunha nova escola, o que permitirá, ademais, a recuperación dun edificio emblemático da Guarda.

Na reunión mantida o pasado mércores en Santiago de Compostela, o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, o xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, o alcalde da Guarda,

Antonio Lomba, e a concelleira de Servizos Sociais, Teresa Vicente, trataron os temas relativos os centros infantís arriba mencionados. Nesta liña, o conselleiro adquiriu o compromiso de cofinanciar a construción dunha escola infantil na Guarda.

Con todo, o Concello encargará nos próximos días o proxecto de execución do novo centro, que contará co asesoramento dos técnicos do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, co obxectivo de dar a coñecer nun breve prazo o custo total da obra á Consellería de Política Social e, deste xeito, poder ser tidos en conta nos orzamentos da Xunta de Galicia para o próximo ano, no caso de que o Goberno autonómico o estime oportuno.



BAIXO MIÑO

A GUARDA



Caminha e A Guarda organizan unha andaina polas fortalezas do Baixo Miño

Os Concellos da Guarda e Caminha organizan para este sábado 16 de setembro unha nova andaina no marco das iniciativas conxuntas para a candidatura do estuario do río Miño a Paisaxe Cultural da UNESCO.

Co nome “Fortalezas do Miño”, a andaina ofrece unha ruta interpretativa polas fortalezas dos marxes do río, incluíndo os fortes de San Lourenzo de Goián (Tomiño), San Francisco de Lovelhe, Caminha e o Castelo de Santa Cruz, todas elas construídas

durante a Guerra de Restauración portuguesa, no século XVII.

O percorrido será de 22 quilómetros e dificultade baixa. Un autobús sairá do Castelo de Santa Cruz (rúa da República Dominicana) ás 8:30 horas para levar aos participantes ata Goián. Na parroquia tomiñesa comezará o percorrido que chegará ata A Guarda, pasando por Vila Nova de Cerveira e Caminha, localidades onde será posible apreciar e visitar as fortalezas existentes cunha breve explicación da im-

portancia de cada unha delas.

Unha vez en Caminha, e tras a parada para o almorzo, os participantes tomarán o transbordador das 15:00 horas ata A Guarda, onde visitarán o Centro de Interpretación do Castelo de Santa Cruz. A hora aproximada de remate é ás 16:00 horas.

O custe de participación é de 5 euros por persoa, previa inscrición na Oficina Municipal de Turismo situada na Casa do Concello, no teléfono 986 614 546 ou ben a través do email: turismo@aguarda.es

O guardés Manuel Flores Cerqueira, Campión Galego de Media Marathón M-60

O atleta guardés, Manuel Flores Cerqueira, representando á Sociedade Atletismo Do Trega, cun rexistro de 1:27:28 e cun ritmo de 4:09 km. obtivo a medalla de ouro de Campión Galego na categoría M-60. O pódium completouse con Xoan Ramón Fernández Garrido, de Atletismo Milladoiro 1:28:38 medalla de prata e Juan Cameán Lampón, de Veteranos Samil, 1:34:59 medalla de bronce.

O Concello de Santa Uxía de Riveira e a Federación Galega de Atletismo, organizaron conxuntamente o pasado 10 de setembro, o I Medio Maratón Riveira 21 e o XXVII Campionato de Galicia de Media Marathón, nas categorías absoluto, junior, promesa e veteranos. A proba disputouse sobre unha distancia homologada de 21.097km cunha participación de preto de catrocentos atletas.



A campaña “Devólvelle a confianza” de CAAN anima á adopción de animais maltratados

O Centro de Acolida e Protección de Cans Abandonados (CAAN) da Deputación de Pontevedra, do que o Concello da Guarda é membro, inicia unha campaña de rehabilitación de animais maltratados, co fin de fomentar a adopción daqueles animais vítimas de danos e sufrimento tanto físico como psicolóxico.

Baixo o lema “Devólvelle a confianza”, a campaña pon o foco neste grupo de animais por ser os máis vulnerables e chama á adopción como unha alternativa prioritaria que permita a súa rehabilitación.

“A túa implicación é fundamental na adopción, favorece a súa recuperación e devólvelles a confianza nas persoas”, advirten dende CAAN. Non obstante, comprender en conta que a adopción dun animal maltratado é unha situación complexa que supón moito tempo e dedicación, polo que esta debe ser unha decisión consciente e responsable.

Que se pode considerar maltrato?

O maltrato inclúe todas aquelas accións nas que se provoca dano ou sufri-

mento, tanto físico como psicolóxico, de xeito que o estado de saúde e as emocións e sentimentos dos animais tamén deben ser tidos en conta. Tanto os danos físicos coma os emocionais precisan de tratamento veterinario, pero tamén de moita implicación por parte das persoas coidadoras e futuras propietarias, xa que a total rehabilitación dos animais depende delas en gran medida.

O CAAN atende unha media anual de 50 animais procedentes de situacións de maltrato, retirados ou incautados polas autoridades. A súa atención e coidado son algunhas das funcións máis completas e importantes que asumen os refuxios e centros de recollida, xa que o seu labor é fundamental na recuperación e reinserción dos animais.

O centro pertencente á Deputación de Pontevedra desenvolve, ademais, un papel fundamental na elaboración de informes periciais que advirten sobre o estado dos animais, os danos producidos e as súas consecuencias, e colabora coas autoridades

administrativas e xudiciais na persecución do delito. Os máis comúns están relacionados con situacións de abandono, mala alimentación, enfermidade ou cans permanentemente encadeados.

En moitas ocasións, a estancia dos animais maltratados nos centros de acolida prolóngase por restricións temporais para a acolida e cesión, a causa de actuacións administrativas e xudiciais contra as persoas causantes do maltrato. Unha vez que sexa permitida polas autoridades xudiciais, a adopción dos animais maltratados é prioritaria, xa que aqueles que presentan alteracións emocionais precisan dun ambiente estable e tranquilo que lles proporcione seguridade

O Centro de Acolida e Protección Animal

O Centro de Acolida e Protección Animal (CAAN) púxose en marcha no ano 2013, contando na actualidade con 49 concellos adheridos, entre eles o Concello da Guarda. As instalacións do centro atópanse en Lugar do Busto, na parroquia da



Armenteira do Concello de Meis.

O CAAN realiza numerosas campañas dirixidas a concienciar á sociedade do bo trato e os coidados que lles han de dispensar aos animais domésticos, conseguir que a adopción se converta na alternativa principal ou a necesidade de que leven o seu microchip de identificación.

Aquelas persoas interesadas en adoptar poden acudir ao centro no seu horario de apertura (de luns a venres de 12 a 19:30 horas e sábados de 11 a 14 horas) e solicitar información a través do teléfono 986 140 360 ou ben a través da súa páxina web, www.caan.depo.es.

O CSIC e a Obra Social "la Caixa" levan a ciencia a Nigrán

O Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), a Obra Social "la Caixa" e o Concello de Nigrán puxeron en marcha neste municipio Ciudad Ciencia (www.ciudadciencia.es), un proxecto de divulgación científica cuxo fin é que os habitantes de localidades españolas coñezan de primeira man a actualidade científica e tecnolóxica.

O alcalde Juan A. González, a coordinadora de proxectos da área de Cultura Científica do CSIC, Carmen Guerrero e director da área de Negocio de CaixaBank en Pontevedra Sur, Igor das Heras presentaron este martes, 12 de setembro, o proxecto aos veciños.

"Tratamos de xerar unha contorna de diálogo coa comunidade científica onde debater, informarse, participar e gozar aprendendo sobre ciencia e tecnoloxía a partir dos intereses e recursos existentes en cada localidade", explicou Carmen Guerrero.

Cidade Ciencia pon a dispo-

sición das cidades adheridas a este programa actividades de divulgación científica en múltiples formatos (exposicións, conferencias, visitas a centros de investigación, etc.) que se incorporan á programación cultural de cada municipio, así como talleres online de participación cidadá creados por investigadores do CSIC. As actividades abarcan diferentes temáticas e propoñen, por exemplo, crear unha horta onde aprender, a través do método científico, conceptos de agricultura sustentable. Outros talleres convidan a coñecer as propiedades do aceite de oliva, do chocolate, incluíndo unha cata, ou a descubrir como funciona o noso olfacto e a súa conexión co cerebro.

O proxecto comeza cun espectáculo de monólogos científicos o día 29 de outubro, domingo. O grupo The Big Van, composto por investigadores e investigadoras en activo, responderán de forma divertida e sen perder rigor a preguntas



como cal é a forma óptima para encher un volume? ou como funciona un acelerador de partículas? Esta actividade, pensada para aprender e facer rir, celebrarase ás 19:30 horas no Auditorio do Concello de Nigrán. A entrada é libre ata completar aforamento.

Cidade Ciencia lanzouse en marzo de 2012 e actualmente conta con máis de 40 localidades participantes situadas en

toda España. Ao longo do curso 2017-2018 a iniciativa seguirá crescendo coa incorporación de novas localidades. Nigrán é o segundo municipio de Galicia en adherirse a Cidade Ciencia, xunto con Cangas do Morrazo, que forma parte da iniciativa desde 2013.

Toda a información actualizada sobre a programación de Nigrán pódese consultar na web www.ciudadciencia.es.

Catro finalistas optan ao Premio de poesía Victoriano Taibo na súa Xª edición

O xurado da X edición do certame poético Victoriano Taibo que convoca o Concello de Gondomar, en colaboración co Instituto de Estudos Miñoráns, reunido o 11 de setembro, de entre as 49 obras presentadas, elixiu como obras finalistas, as que ostentaban os seguintes títulos por orde alfabética: As cinzas de Pasolini, Ero-sións, Laxa negra, Saint Pièrre et Michelin.

O veredicto definitivo darase a coñecer nos próximos días, momento en que se fará público o gañador ou gañadora desta décima edición.

A entrega do premio será o día 18 de novembro nun acto que decorrerá no Auditorio Lois Tobío de Gondomar.



Éxito de participación no encontro aberto do BNG contra o proxecto de campo de golf

O Plan Especial de As Costeiras está a suscitar un movemento social e veciñal como non se vivira en anos no Concello de Baiona e o Bloque Nacionalista Galego respondeu ás peticións de información convocando un encontro aberto no que expuxo os por qués da súa oposición a este planameanto deportivo, reforzando esta posición coa colaboración de Serxio Regueira, veciño da parroquia de Domaio en Moaña e Presidente da Plataforma en Defensa da Ría, que falou dos antecedentes e presente do campo de golf na súa parroquia.

Durante o acto distribuíronse

un cento de modelos de alegación, demandando os veciños e veciñas máis copias, mesmo para distribuír entre coñecidos e familiares. A propia Comunidade de Augas e a Asociación de Veciños de Baredo van repartir casa por casa modelos durante o vindeiro Domingo e até a finalización do prazo de alegacións, o vindeiro día 14, habilitarase un mesa de recollida de alegacións no propio centro cultural.

Así mesmo, varios colectivos e organizacións colaboran na organización dun saída á zona afectada polo Plan Especial, co fin de coñecer os valores paisaxísticos, naturais e mesmo arqueolóxicos que se

atopan alí. Mais si nalgo existe preocupación entre os veciños e veciñas de Baredo é pola afección aos recursos hídricos, xa que as súas vivendas dependen das minas que rodean As Costeiras.

A pesares de que o día 14 remata o prazo de alegacións, foron moitos os presentes que demandaron continuar a organizar accións que visibilicen as taras do proxecto deportivo e que se conciencie non só á parroquia de Baredo, sinón tamén a todo o Concello de Baiona e alén do mesmo. Iago Pereira, Portavoz Municipal do BNG, precisamente relatou neste sentido o irreal do estudo económico, que en caso



de ser errado e ter que producirse un rescate por insolvencia da explotación, podería supoñer uns custes de máis de 15 millóns de euros ás arcas municipais. Engadido a isto, a expropiación forzosa dos terreos, na actualidade en mans comunais, supoñería unha inversión de como mínimo 2 millóns de euros, a cambio dun

canon anual de 30.000 €.

Si algunha conclusión pode extraerse do encontro aberto organizado polo BNG foi que os veciños e veciñas de Baredo asisten con preocupación á implantación dun proxecto que non foi consultado en ningún momento con eles e que non van aceptar pola vía da imposición.

NOVAS DA RAIÁ

Nova fábrica de transformação de pescado vai criar 200 empregos em 2018

Uma nova fábrica de transformação de atum vai instalar-se no Parque Empresarial do Fulão, em Vila Nova de Cerveira, criando mais de 200 postos de trabalho, num investimento superior a seis milhões de euros. Com os trabalhos de terraplanagem já iniciados, a unidade Central Lomera Portuguesa S.A. entrará em atividade em março de 2018.

Duas das mais importantes empresas da Galiza na área da transformação de pescado - Marfrio e Atunlo - uniram vontades e interesses para construir, em Vila Nova de Cerveira, uma nova unidade industrial com capacidade para produzir até 20 mil toneladas de atum, destinadas ao mercado europeu.

Com os dois polos industriais lotados e perante o interesse de



potenciais novos investidores, o Município de Vila Nova de Cerveira estabeleceu, em 2016, um protocolo de cooperação com a Construções Gradin - entidade proprietária do Parque Empresarial do Fulão - para unir esforços na promoção e flexibilização dos cerca de 40

hectares disponíveis.

A instalação desta nova fábrica, num investimento superior a seis milhões de euros, é o resultado do esforço e empenho do atual executivo na captação de novos investimentos para o concelho. "É a consolidação do trabalho que temos feito com o

objetivo de potenciar a economia local. Vila Nova de Cerveira tem-se tornado uma referência, quer ao nível do investimento, quer da criação de postos de trabalho", realça o presidente da Câmara Municipal Fernando Nogueira.

Apresentando o Parque Empresarial do Fulão como uma excelente oportunidade de negócio, quer pela localização geoestratégica, quer pelas condições de desburocratização associadas ao processo de licenciamento, o protocolo assinado em outubro de 2016 determina que o Município cerveirense possa ser intermediário na venda dos lotes disponíveis e a Construções Gradin garanta a disponibilização dos terrenos e concretize as possíveis transações com a maior celeridade possível.

Entrega de material escolar



A Câmara Municipal de Monção está apostada em garantir um regresso às aulas em igualdade de circunstâncias a todos os alunos do concelho. Entre um conjunto de atividades previstas, umas já realizadas e outras por realizar, decorreu, na manhã de hoje, a entrega de material escolar a famílias monçanenses com dificuldades económicas.

A iniciativa, que teve lugar no auditório da Biblioteca Municipal de Monção, foi promovida pela Comissão de Proteção de Crianças e Jovens de Monção, contando com a colaboração da iniciativa privada através do Grupo Centro Funerário do Alto Minho (CFAM). Foram abrangidas 71 crianças de 40 agregados familiares acompanhados pela comissão.

Os kits escolares, entregues numa bolsa promocional do Município de Monção, são constituídos por cadernos, lápis, afias, canetas, tesouras, colas, réguas, lápis coloridos, cartolinas, capas, encontrando-se adaptados à especificidade de cada ano letivo.

Conceição Soares agradeceu o apoio dos parceiros, incentivou o meio empresarial a seguir o exemplo da CFAM e desejou um bom ano letivo a todos.

Banco da Mãe e do Bebê de Monção

Localizado no Mercado Municipal de Monção, loja 4, o Banco da Mãe e do Bebê é um espaço de partilha entre quem pretende contribuir e quem pretende receber artigos de grávida, bebê e crianças até aos 6 anos. Encontra-se aberto todas as quintas-feiras das 9h30 às 12h00 e das 14h30 às 17h30.

Promovido pelo Banco Local de Voluntariado de Monção, o

Banco da Mãe e do Bebê recebe todo o tipo de puericultura em bom estado como carrinhos, banheiras, berços, espreguiçadeiras, esterilizadores, acessórios de banho etc, bem como artigos para cama como lençóis de berço, cama infantil, mantas, almofadas, toalhas de banho etc.

Em funcionamento há dois anos, as voluntárias do Banco da Mãe e do Bebê recebem também



roupas em bom estado para bebês, grávidas e crianças até aos 6 anos. Posteriormente, o material rececionado é disponi-

bilizado às famílias monçanenses que dele necessitam, contribuindo para minorar as despesas financeiras.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓNES COAS INSTITUCIÓNES PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03

Trabalhos de conservação da muralha do Baluarte da Cova do Cão

Após a demolição das quatro casas existentes naquele local, o pano de muralha ficou descaracterizado. Intervenção visa eliminar os elementos dissonantes no lado norte e poente, garantindo maior dignidade aquele espaço patrimonial.

Os trabalhos de conservação da muralha no Baluarte da Cova do Cão iniciaram-se esta semana, tendo um prazo de execução de 30 dias. A intervenção tem como finalidade eliminar as “marcas” que ficaram visíveis após a demolição de quatro habitações encostadas ao muralhado.

No lado poente, está previsto limpar o alambor da muralha de todos os elementos dissonantes, nomeadamente betonilhas, azulejos, telhas e escadas em cimento. Pretende-se também reconstruir a parede de granito e o seu capeamento com granito da região semelhante ao existente.

Do lado norte, os trabalhos em execução visam construir



um muro ao nível da escarpa que suporte as terras, eliminando, desta forma, elementos de betão e chapa de zinco e ferro que, de forma pouco convencional e estética, está a “segurar” a terra.

A intervenção, a cargo da empresa “Mário César Rodrigues, Construções – Sociedade Unipessoal, Lda” com o valor de 10.598,80 €, imposto incluído, tem como objetivo garantir maior dignidade aquele

pano de muralha que ficou descaracterizado com a demolição das casas existentes naquele local.

Refira-se que toda a aquela zona vai ser objeto de uma intervenção profunda, cujo objetivo consiste em tornar mais funcional e atrativo aquele amplo espaço urbano, uma das principais entradas no centro histórico com a presença de vários serviços públicos e estabelecimentos comerciais.

Jornadas Europeias do Património em Monção

As Jornadas Europeias do Património 2017, este ano subordinadas à temática “Património e Natureza”, realizam-se no território nacional nos dias 22, 23 e 24 de setembro. Monção associa-se à iniciativa com diversas atividades culturais que decorrem no dia 23 de setembro, sábado.

No nosso concelho, o programa compreende percurso orientado pela banda de Santo António de Vale de Poldros, entre as 9h30 e as 13h00, visita a casa rural/arquitetura popular em Longos Vales, entre as 14h30 e as 16h00, com atuação do Grupo de Folclore “Amigos de Longos Vales”.

O programa continua com recriação de alguns quadros da Função do Senhor dos Passos, em Pias, entre as 16h15 e as 17h45, terminando na Quinta da Pedra, em Longos Vales, com visita guiada à adega e prova de vinhos, entre as 18h00 e as 19h30.

A relação “Património e Natureza” pode ser uma fonte inesgotável de conhecimento, de



criatividade e de recreação, nela residindo um enorme potencial para um desenvolvimento harmonioso e equilibrado ao nível cultural, social e económico.

Desta forma, a temática em questão pretende chamar a atenção para a importância da relação entre as pessoas, as comunidades, os lugares e a sua história, mostrando como o património e a natureza se cruzam nas suas diferentes expressões, mais urbanas ou mais rurais.

O C.C. Ponteareas 3º no trofeo Asturcántabrogalego

O Club Ciclista Ponteareas ven de proclamarse 3º por equipos no Trofeo Asturcántabrogalego, coa última proba celebrada en Boiro.

Afiázanse así como o terceiro mellor equipo de Cadetes do Norte, solo sendo superados polos equipos MMR e Aseguras-Indupime.

Para tódolos rapaces e para o Clube Ciclista Ponteareas é unha honra conseguir este logro, xa que proclámase como mellor Clube Galego do Trofeo AsturCántabroGalego.

Este primeiro fin de semana de setembro tamén se disputou a proba de Minibtt de Cambre, logrando tamén varios podiums en varias categorías como o 3º Posto de Leire Mariño, 5º Posto de Ainoa Posada e por suposto o 1º posto de Miguel Rodríguez, que fixo unha carreira meteórica, saíndo na 14ª posición e logrando a poucos metros da saída colocarse na primeira posición durante toda a proba, marcando un ritmo moi forte, que solo os mellores puideron seguir.



Trofeos de verán en Arbo

O pasado día 3 de setembro tiveron lugar en Arbo o I Trofeo Futbol Sala Feminino San Roque 2017, no

Pavillón, e o Trofeo Vila de Arbo de futbol donde o equipo recen constituído de Arbo gañaba na tanda de penaltis o de As Neves.



MISCELANEA

Debuxos de Mariano Abalo, inspirados no Espantallo, en Barro e Redondela

Por Manuel Estevez

As exposicións pódense ver no Albergue de Peregrinos e Taberna Típica A Pousada, ambos na Portela (Barro) e no Bar Central de Redondela.

Entre a Finca de San Roque ata a igrexa de Fátima, coñecida polos Picos no Barro vigués de O Calvario, nese tramo, moitos escaparates dos negocios, amosan traballos plásticos e coloristas realizados a rotulador, firmados polo debuxante Mariano Marcos, de A Proba do Carabiñal, asentado en Vigo, desde 1960.

Están inspirados na figura do "espantallo" en cujas roupas figura impresa a vieira e igualmente no seu contorno, pódese apreciar outros iconos indicando o Camiño que deben seguir os peregrinos que se dirixen a Compostela.

Os traballos plásticos forman parte do proxecto "Retorno dos coidadores das hortas polo Camiño de Santiago.....Espantallos ao Vento", ideado por Manuel Estévez, evento que tuvo repercusión na Vía da Prata, no Camiño de Inverno en edicións pasadas.

Este ano decorre polo Camiño portugués, iniciándose as inter-

vencións no Mercado de Tomiño cunha exposición multidisciplinar na que participaron artistas de Galicia e resto da península, así como a colaboración de colexios do Baixo Miño, na realización do mural, nun Centro de Enseñanza da zona así como a colocación de espantallos hortas dalgun colexio e por onde transcurre a ruta. O Colectivo "Malaherba" de Matamá, durante a Festa da Sementeira na edición 2017 sumouse a iniciativa e agora as paredes do "Café Central" de Redondela, mesmo a beira do Albergue da vila choqueira, o aloxamento de "Peregrinos" e a Taberna Típica Galega "A Pousada do Peregrino", ambalas duas na Parroquia de Portela do Concello de Barro, acollen exposicións de debuxos do mesmo autor.

Pretende conseguir a implicación de artistas ou de xente do rural, na instalación de espantallos, nos lugares de cultivo cercanos a ruta de peregrinación




a Compostela, así coma tamén en salas de exposicións no mesmo itinerario.

“Queremos dar a coñecer os pobos polos que transcorre o Camiño Portugués, un xeito tamén de espallar a creatividade e dar a coñecer o desenvolvemento hortícola, histórico, cultural e etnográfico o longo do Camiño”, explican os organizadores.

Pensan que os espantallos son máis que unha ferramenta para aledar aos paxaros e retornen paisaxe rural.

Mariano Marcos Abalo, actor, poeta, humorista, dibuxante é natural de A Pobra do Carabiñal, reside en Vigo desde casi seis décadas, forma parte de grupo poético Brétima, colectivo que se reúne periodicamente, na Sociedade Cultural de O Calvario (Vigo). Foi colaborador de Faro de Vigo e na actualidade de Vigo Deportivo.



Forcarei recupera as históricas neveiras de Fixó

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, e alcaldesa de Forcarei, Belén Cachafeiro, visitaron hoxe o resultado das obras de recuperación e posta en valor das Neveiras de Fixó, intervención realizada entre a Xunta de Galicia e dito concello pontevedrés no marco do acordo asinado hai un ano e que permitiu a rehabilitación deste importante patrimonio etnográfico, situado na Serra do Candán.

Datadas no século XVII, as Neveiras de Fixó poderán ser en adiante visitadas, o que servirá para difundir a historia da industria do xeo, moi descoñecida na actualidade. Estas neveiras, propiedade entón do Cabido da Catedral de Santiago de Compostela, eran explotadas polos monxes do Mosteiro de Aciveiro, que obtían deste recurso unha das súas principais fontes de ingresos. De feito, o comercio de xeo foi unha das actividades máis rendibles da época, pois o Camiño Real que

unía dito mosteiro co Ribeiro pasaba por estas montañas.

Os traballos, como lembrou Nava Castro, realizáronse en dúas fases. A primeira consistiu no estudio arqueolóxico das neveiras para coñecer as técnicas e os materiais empregados na súa construción, na que varios especialistas formularon as súas hipóteses. Rehabilitáronse, despois, as neveiras e a súa contorna, con diversos traballos de consolidación da superficie moi respectuosos coas estruturas existentes. Co fin de salvagardar este notable patrimonio, só se acometeron as intervencións necesarias de protección, limpeza e posta en valor.

Nava Castro sinalou que aínda se desenvolverán máis iniciativas de mellora a través dunha liña de subvención para a correcta sinalización do lugar nas proximidades e outras labores de adecuación, que garantirán unha boa experiencia aos veciños e viaxeiros interesados.



Carta ao Director

Este cidadá acude a ese medio coa seguridade que a misiva sera reproducida na súa integridade coa liberdade de expresión de por medio.

Ponteareas e unha vila na que entre outros sectores económicos nesta vila esta con forte presenza e profesionalidade a hostalería ós que respecto casi na súa totalidade.

En cambio esta un certo establecemento familiar do referido sector situado na Avenida de Galicia no que o alevoso ánimo de lucro casi custa a vida a un histórico cliente enfermo crónico puripatolóxico o 25 de xullo

2015.

AS 22:53 da referida data a "señora" do referido establecemento ante o estado crítico e con convulsións do proxenitor do que suscribe axudada por unha empregada e un veciño non se lle ocorre mellor "solución" que o traslado o enderezo do mesmo nunha cadeira de rodas prestada por un matrimonio clientes e residentes no mesmo inmoble situado na Avenida de Galicia. A dona do enfermo ante o estado do enfermo cunha considerable intoxicación etílica ata entrar en coma reclama auxilio a irmá deste cidadá a efectos de movili-

zar o 061 ante a ausencia do que suscribe.

O histórico e enfermo cliente permanece tres días hospitalizado en estado de coma e sondado.

A ememizade e manifesta por ambas familias e agora cos cesionarios da cadeira de rodas. Enemizade que non nos preocupa no mais mínimo. Ata son xente sen escrúpulos ante a situación que estamos a padecer ó estar o enfermo en fase terminal logo dunha longa enfermidade.

Ainda así ata o día 7 de agosto, 2017 o establecemento familiar segue a servir alcohol en abundancia a pesar da notifica-

ción vía AXENCIA TURISMO DE GALICIA logo da reclamación rexistrada ó efecto e na actualidade con recurso de alzada ante a ponteareana Sra. Directora Xeral de Turismo.

A 27 de xuño, 2017 o enfermo proxenitor accede o establecemento reclamado e se lle serve alcohol e incluso este cidadá e tratado con malos modales que xa non causa sorpresa ata a intervención da POLICÍA LOCAL requerida polos "educados e honestos" hosteleiros. En cambio agradecer a sensibilidade do axente e ambas auxiliares ante a negativa do establecemento a fa-

cilitar a folla de reclamacións que a pesar diso e rexistrada a 28 XUÑ. 2017. Incluso consta outra rexistrada a 20 XULL. 2017.

Na Alcaldía do Concello de Ponteareas consta denuncia rexistrada respecto do acontecido a 25 de xullo, 2017 e na actualidade requerida pola SRA. VALEDORA DO POBO pola posible omisión.

Agradezo a ese medio esta liberdade de relatar con toda veracidade a actitude dos noxentos hosteleiros e matrimonio veciño. Unha aperta.

Remida por José Carlos Represas Domínguez. 76894904-Q

Nemesio Barxa - Advogado

As falacias sobre Catalunya

Resulta certamente indignante todo o armamento dialéctico e de falsas notícias ou informações a conta da muito legítima pretensão de Catalunya de consultar democraticamente a seus cidadãos referido a seu sistema de governo e da sua dependencia ou independencia respecto de outros estados, designadamente Espanha. Haverá algo mais democrático? Carece de lógica isso de que todos os cidadãos do Estado espanhol deveriam mostrar sua conformidade ou disconformidade com a saída de Catalunya do Estado; som eles os que se querem ir e parece lógico que se maioritariamente desejam independizarse ou artelhar uma nova ou determinada relação política som eles que deverão decidir; se, polo contrario, fossem expulsos penso que nesse caso sim deveria consultarse ao resto do Estado espanhol de se havia conformidade maioritaria para sua expulsão ou incluso para seu artelhamento em determinadas condições.

Penso que o determinante para aceptar a decisão se um povo relativa ao exercício da sua soberania não é sua historia senão sua decisão maioritaria

no momento determinado evidenciada em actos claros realizados a través do tempo.

Escoito vozes autorizadas de tertulianos e incluso intelectuais deslitigimando o proceso catalán porque Catalunya nunca foi um reino nem foi independente senão um territorio dependente da Corona de Aragón. E como a historiografia no Estado espanhol foi totalmente deturpada, manipulada e desfigurada para construir ideologicamente a sacrosanta unidade nacional o boato toma corpo e passa á categoria de verdade.

Pois bem os territorios do norte da actual Catalunya formavam parte da provincia romana Hispania Citerior, depois Tarraconense, e pasaron por diversos avatares entre eles o reino visigótico com Ataulfo á cabeza e sua esposa Gala Placidia com capital em Tarraco; com posterioridade a conquista polos mouros formou parte da Marca Hispánica carolingia. No S. IX o monarca carolingio nomea a Wifredo el Velloso conde de Cerdania, de Barcelona e de Gerona, e transmítelhe o governo, quem á sua vez o transmite a seus descendentes polo que no S. X os condados covertironse em inde-

pedentes, rompendo o débil elo existente com a monarquia Carolingia o conde Borrel II ao negarse oficialmente a prestar juramento ao monarca que naquela altura era o primeiro da dinastia dos Capetos. No S. XI Catalunya é uma sociedade feudal integrada por varios condados com un Estado feudal autónomo no cumio do que se atopava o Conde de Barcelona, Ramón Berenguer I, continuado nos seus descendentes até que ja no S. XII, governando o conde Ramón Berenguer IV casa com Petronila de Aragón, filha do rei de Aragón Ramiro quem renuncia a seu reino e á sua filha a favor de Ramón Berenguer IV como príncipe de Aragón o que não impede que tanto Catalunya como Aragón conservem seus orgaos de governo, costumes, privilegios, etc., pois não chega a existir nem absorção nem fusão senão o que podemos calificar como una união dinástica do Condado de Barcelona e o reino de Aragón. Em 1188 a assembleia Paz i Tregua, germen das Cortes Catalanas que se constituíram com a denominação de Generalitat em 1365, estabelecem sua exclusiva jurisdição no territorio que delimitam e que

pasa a chamarse Principado de Catalunya; as instituições políticas catalanas foram reformadas em 1486 por Fernando II de Aragón.

Não foi pacífica a vida política catalana com Carlos V nem com Felipe II; a política centralista e anticatalanista de Felipe IV unida á crise económica provocou em 1640 a sublevação de Catalunya em plena guerra dos trinta anos. Em outubro de 1652, don Juan de Austria (filho bastardo de Felipe IV) ao frente das tropas castelhanas entra a sangue e fogo em Barcelona. Dispondo de Catalunya como se fosse seu cortijo, Felipe IV acepta a divissão do territorio catalán (ao norte e sul dos Pirineos), em contra da vontade das instituições catalanas, cedendo a França os territorios catalans do norte a cambio de conservar Flandes. O 11 de setembro de 1714 capitula Barcelona perante as tropas de Felipe V. Coitado que estamos com outro Felipe, o VI.

Durante o reinado de Fernando VII houve varias sublevações da sociedade catalana e nasceu a ideia republicana. E no chamado sexenio revolucionario (1868-1874) foram varios os intentos separatistas, chegando em 1872 a aprovar as Bases para a Constituição Regional Catalana em assembleia celebrada em Manresa.

O evoluir nos séculos XX e o que vai do X X I segue a mesma

tónica de rebeldia. Alfonso XIII em 1909 realiza uma repressão duríssima e arbitraria com 17 sentenças de morte e 5 executados. Em 1931 Maciá proclama a República Catalana. Em 1934 Companys proclama o Estado Catalán dentro da República Federal Espanhola. Nem falamos do denostado regime franquista. E nesta chamada democracia sofriram trações e incumprimentos por parte do Parlamento espanhol e por parte do TC nas suas propostas de novo Estatuto de Autonomia, aprovado polo 91'85% do seu Parlament. Que precisa o Estado espanhol, os cidadãos espanhois, para compreender a vontade de liberdade e de autogoverno do povo catalán que segue sem ser escoitado e que só foi reprimido, enganado e masacrado em aras de esa pretendida unidade de Espanha? Não seria muito mais inteligente darlhe a oportunidade, tam reiteradamente intentada, de manifestar seu sentimentos respecto de seu futuro?

Quinta do Limoeiro, setembro de 2017



Pere Barrufet

Artigo collido do Semanario galego Sermos Galiza

Un mar de esteladas e unha sirena por bandeira

Onte unha vegada mais na miña vidas participei na festa nacional da "Diada Catalana '17", con paixón e ledicia xunguido a bandeira galega de Castelao, e mais o damasco do SÍ enriba da mesma. Co gallo de que Galiza tamén fora visíbel e viva nas ruas e prazas de Barcelona, ateigada de milleiros e milleiros de persoas de tódolas condicións e procedencias de fora e dentro dos Países Cataláns.

Un millón de persoas, segundo as estimacións da Garda Urbana de Barcelona. Un millón de sis á democracia e ao referendo. Fronte ás prohibicións, ás ameazas de inhabilitación dos representantes lexítimos do pobo, fronte aos rexistros de im-

prensas e de redaccións de medios alternativos, fronte a todos os aparatos coercitivos do Estado, o que se ergueu nas rúas de Barcelona foi unha multitude, un océano humano, nun impecábel exercicio de civismo democrático. Esa foi a resposta, mais unha vez, do pobo catalán, nunha nova Diada masiva. Foi, máis que unha manifestación río, unha concentración xigante. Un millón de persoas colapsou o centro de Barcelona. "Marxem (liscamos), Mariano sé fuerte", rezaba un cartaz, un pouco o resumo da marcha. Lonas enormes cos lemas "Pau i llibertat" (alusión aos atentados de Barcelona e Cambrils) e "Referendum es democracia" sintetizaron as deman-

das das entidades convocantes, a Asamblea Nacional de Catalunya e Òmnium Cultural.

Sánchez deixou claro que as entidades convocantes desta mobilización xigante -1 de cada 7 cataláns foron á marcha, en proporción sería como se unha manifestación española reunise en Madrid 5 millóns de persoas- non recoñecen xa máis legalidade nen lexitimidade que a emanada do Parlament. "Vós", dixo a se dirixir ás masas alí congregadas, "dés-tesnos unha nova legalidade. Esa é a única que recoñecemos ante o 1 de outubro. A nosa lei é a Lei do Parlament", dixo e a seguir recalcou que non se senten vinculados nen concernidos polas decisións do Tribunal Constitucio-



Pere no tramo 406 preto da Praza do Dr. Letamendi.

nal e demais orgaos coercitivos españois. "Declarámonos insubmisos perante aqueles tribunais que declaran a indivisíbel unidade da súa patria, da patria española", engadiu.

Este río humano é imparábel e

ten sede de votar. Próxima estación, o 1-0. "Hoxe somos moitísimos, mais o 1 de outubro seremos aínda moitos máis. Poña aínda máis urnas, president", clamaban os organizadores desde o estábel da praza.

Falece a escritora e académica Xohana Torres

A Real Academia Galega expresou o seu fondo pesar polo pasamento da escritora e académica numeraria Xohana Torres. Nada en Santiago de Compostela en 1931, finou o día 12 de setembro en Vigo aos 85 anos de idade. A súa é unha das voces máis destacadas das letras galegas contemporáneas que medraron na posguerra, cuxa obra abrangue a poesía, a narrativa, o ensaio e a literatura infantil. A autora contribuíu co seu labor como escritora, mais tamén outros espazos como o radiofónico, á reconstrución cultural de Galicia e á defensa da súa lingua.

A capela ardente de Xohana Torres permaneceu aberta este mércores no Tanatorio Vigo Memorial, onde foi incinerada ás 21:30 horas.

Xohana Torres naceu en Compostela o 22 de novembro de

1931 e criouse en Ferrol, onde estaba destinado como mariño o seu pai, pero as súas raíces están tamén nas terras do Avia, onde a súa avoa materna, Lola, lle aprendeu a fala galega máis íntima e a cultura popular. A ela está dedicado o derradeiro libro de Xohana Torres, *Elexía a Lola* (2016), unha versión ampliada e enriquecida da homenaxe que xa lle rendera en *Estación ao mar* (1980). A edición inclúe un anaco de *Eu tamén navegar*, o discurso co que Xohana Torres ingresou na RAG como académica de número en 2001.

A vocación literaria de Xohana Torres manifestouse cedo e publicou os seus primeiros versos sendo adolescente na revista do instituto. Algún deles, como “Soidá”, formarían parte do seu primeiro libro, ao igual que “Nai”, que deu a coñecer en 1953 na re-

vista *Aturuxo* animada por Ricardo Carballo Calero, o seu profesor de Historia e Literatura no bacharelato. En 1955 recibiu primeiro o premio de poesía da Asociación da Prensa de Vigo, compartido con Celso Emilio Ferreiro, por outro poema, “A nosa primavera: toxos”, e en 1957 publicou o seu primeiro libro, *Do sulco* (1957), na colección de poesía *Illa Nova de Galaxia*, acabada de crear para acubillar as novas voces das letras galegas.

Como poeta, publicou tamén *Estación ao mar* (1980), Premio da Crítica española en 1981, *Tempo de ría* (1992) e *Poesías reunidas* (1957-2001), así como *Elexía a Lola* (2016). Como dramaturga, cómpre salientar as súas contribucións ao teatro da posguerra con *A outra banda do Ibero* (1965), gañadora do Premio Castelao do Teatro Galego da



Agrupación Cultural O Galo, e mais *Un hotel de primeira sobre o río* (1968). Asinou tamén a novela *Adiós, María* (1971), Premio Galicia do Centro Galego de Buenos Aires, e, xa no eido da literatura infantil, *Polo mar van as sardiñas* (1968) e *Pericles e a balea* (1984).

A radiofónica foi outra das linguaxes que cultivou con éxito. Nos anos de mocidade participou

en diversos espazos emitidos en Radio Ferrol, onde lía textos en galego e poemas de distintos autores. Máis adiante, en 1963, dirixiría en *La Voz de Vigo* o primeiro programa cultural radiofónico completamente en galego, “Raíz e tempo”, que acadou unha notable audiencia durante anos. Así mesmo, colaborou na gravación de discos con escolmas de Castelao e Cunqueiro.

O ciclo “Venres D_letras” retoma a súa actividade coa presentación de “Nordeste”, de Daniel Asorey

A actividade terá lugar o venres, día 15, ás 20:30, no Salón de Plenos de Ponteareas

O ciclo “Venres D_letras”, organizado pola Concellería de Cultura e co que se pretende dar visibilidade aos autores galegos contemporáneos, retoma a súa actividade logo do parón do mes de agosto. E para inaugurar a nova tempada contará coa presenza do escritor compostelán, Daniel Asorey, que vai presentar a súa novela “Nordeste”, gañadora do Premio Repsol de Narrativa Breve do ano pasado.

“Nordeste” está ambientada no mundo dos “cangañeiros”, un grupo a medio camiño entre o bandoleirismo e a resistencia social, que desenvolveu a súa actividade dende mediados do século XIX ata ben entrado o XX, no “sertão”, ao nordeste do Brasil. A pesar de ser un traballo ben documentado no que mistura a realidade coa pura fantasía, o fondo



da historia parte dunha ucronía na que Galicia chega á actualidade mantendo un estatus político independente logo de que os Irmandiños vencesen na súa loita contra os nobres galegos, e extendendo o seu poder cara á zona referida do Brasil.

A historia está protagonizada por tres mulleres que representan distintas maneiras de pensar e de enfrontarse a un mundo dominado por homes, pero como telón de fondo da historia atopamos os conceptos de

liberdade e de sumisión, así como a maneira na que unha sociedade oprimida que consegue liberarse das súas ataduras, remata por cometer os mesmos erros contra os que loitaron.

“Nordeste” é a primeira novela de Daniel Asorey, que xa se dera a coñecer en algunhas publicacións colectivas.

O ciclo “Venres D_letras” terá continuidade o vindeiro mes coa presentación de “As contas que nos contan”, de Xosé Díaz.

Ponteareas convoca as xornadas de teatro “Pon-Teatro”

A Concellería de Cultura e Normalización Lingüística, en colaboración cos grupos de teatro afeccionado de Ponteareas, pon en marcha unhas xornadas de teatro non profesional denominada PON-TEATRO coa finalidade de poñer en valor as artes escénicas e da improvisación, así coma o espírito de colaboración e difusión cultural no noso idioma.

A participación será aberta a todos os grupos teatrais do Concello e mesmo da comarca nun número máximo de seis grupos e as obras serán representadas en lingua galega. As xornadas terán lugar no auditorio municipal durante o mes de outubro.

Os grupos poderán inscribirse no Departamento de Cultura ata o vindeiro día 17 de setembro e consultar as bases no seguinte enlace da páxina web do Concello de Ponteareas na pestaña “Cultura” <http://ponteareas.gal/xiralda/uploads/2013/10/Xornads-de-Teatro.pdf>

O xurado puntuará a mellor obra, mellor atrevo de escenario, mellor vestuario, mellor actor, mellor actriz e mellor dirección.

O Concello repartirá un premio único por unha cuantía máxima de mil euros entre todos os grupos participantes, cun mínimo de 150 euros e un máximo de 200€ por grupo. Tamén concederá un agasallo de recoñecemento aos seleccionados no apartado anterior.